

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · Outubro-Novembro-Decembro 2005]


ARTIGOS

¡RADIO FILISPIM XA ESTÁ NO AR!



nº 21

Xigantes cos Pés de Barro e Lama



BARRO

· Obras iniciadas en base a unha autorización previa do goberno de Aznar (en funcións), que as condicionaba ao cumprimento de normativas que non poderán cumbrir.

· O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulou o documento sobre "efectos ambientais" que a Xunta (de Fraga) tentou "coar" como DECLARACIÓN DE IMPACTO... ¡Aínda sen facer!

· SEN RESOLVER: Permiso de funcionamento, seguridade do tráfico dos gaseiros e declaración de utilidade pública.

· ¿Cal é a cobertura de seguro para accidentes de distinto grao? ¿Está avaliada?

· A Comisión Europea ten aberto á planta un expediente de infración MOI GRAVE contra o medio ambiente.

LAMA

· Absoluto desprezo ó entorno natural e humano.

· Informes irregulares ou falsos para seguir adiante co proxecto "a toda costa".

· Arrase de filóns arqueolóxicos de grande valor, coa complicidade da Xunta de Galicia.

· Presións aos veciños para que se vaian.

· Apoios e SILENCIOS mediáticos moi sospeitosos.





Ferrol

unha boa alternativa

Arte, ocio e deporte, manifestacións relixiosas, música, folclore e festas populares... O encanto das súas rúas, a arquitectura da Ilustración, a beleza das súas paisaxes naturais e a variada oferta cultural e de ocio, fan de Ferrol algo máis que unha boa e interesante alternativa.



A ESCENA - 2005 CENTRO CÍVICO DE CARANZA ás 19.00 hrs.

Outubro

Día 16.- Sal-Monela Teatro (A Coruña): Un mal día de Hugo Daniel Marcos

Día 23.- Longoiro Teatro (Meirás, Valdoviño): El crimen al alcance de la clase media de Juan J. Alonso Millán

Día 30.- Teatro Saraiba (Vigo): Diez Negritos de Ágatha Christie

Novembro

Día 6.- Teatro de Cámara Dieta (Santiago): Melocotón en xarope de Miguel Mihura

Día 13.- Teatro Luzada (Betanzos): O testamento do tío Lele de Roger Martin Dugard

Día 20.- Muradana (Cambre): Perdendo o fío de Susana Longueira


Día 27.- Teatro do improvisto (Boiro): Cando Harry atopou a Sally de Gustavo J. Diste e Xurxo Barcala

Decembro

Día 4.- Teatro Amistade (Ferrol): Non busques tres pés ao alcalde de Pedro M. Marcos

Día 11.- Teatro Aforo (Vigo): En alta mar de Slawomir Mrozek

Día 18.- Bartoleta Teatro (Ferrol): Así aman los dioses de Concha Romero



TEATRAIS - 2005 CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER ás 20.30 hrs.

Outubro

Día 13: El búfalo americano

Días 20 e 21: A casa do pai

Día 27: Cultura para dar e tomar

Decembro

Días 8 e 9: A farsa de Bululú

Día 15: Café

Día 22: Vento mareiro

Novembro/Decembro

1° pase ás 12.00 hrs. e 2° pase ás 20.30 hrs.

INFANTIL

Día 3: De fábula

Días 7 e 8: Si tienes un papá mago

Día 10: El tren

Día 17: Mundos contados

Día 24: Papirus

Día 1 de Decembro: La Gata con botas



Concello de Ferrol
CULTURA



SUMARIO



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 21
Outubro-Novembro-Decembro
2005

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Ricardo Pena, Sabela, Amparo Ginés, Isabel Lodeiro Vales, Eliseo Zaera, Juan J. Burgoa, Manuel A. Domingues, Fernando Dopico, Maruxa Orxales, Mª do C. Krukemberg, Mario Benedetti.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, DISTRIGALICIA, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, LIBRERÍA DEL CAMPUS, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, CONCELLO DE FERROL-CULTURA.



S umámonos ós comentarios de X.L.B.R. nos seus artigos de opinión do 10.09.05 e do 17.09.05 na *Voz de Galicia*, dicindo que non lle preocupan ós efectos para Galicia da OPA de Gas Natural a ENDESA e aportando unha interpretación positiva e esperanzadora para os posibles efectos sobre ENCE e REGANOSA.

Deles sácase inmediatamente a conclusión de que son baleiras e falsas as reaccións dos voceiros dos intereses creados por Reganosa en Galicia, onde de xeito esperpéntico amosan os seus temores de que se a OPA ten éxito os novos donos de Endesa non traguen coa irracionalidade da planta de Gas, e sacan á palestra grandes palabras sobre estratexias empresariais que din son vitais para o futuro de Galiza, con alarmas e chamadas á defensa do proxecto de Mugardos, transmitindo a falacia presuntuosa de que do mesmo depende o futuro da nosa Comunidade. Trátase dunha máis de tantas operacións de imaxe e propaganda interesada, de falta de rigor, fóra dos datos reais, tanto da situación da planta, que pese a quen pese, (segundo palabras de Cuíña en 2001) se constrúe dentro da Ría de Ferrol, como da verdadeira situación das forzas en xogo, da evolución do mapa enerxético, do papel de cada quen, e da posibilidade aínda a tempo, para os ciclos combinados en Galicia, dunha Planta de Gas no Porto Exterior, ou en mar aberto do golfo Ártabro coa tecnoloxía OFF-Shore que xa se está empregando en diversas plantas polo mundo.

Antes deses pronunciamentos grandilocuentes non estaría mal que uns e outros, políticos, empresarios, banqueiros,... etc, analizasen e explicasen (se saben):

- Situación actual dos trámites e permisos administrativos de construción: é unha verdade a medias o que di B. Couce na páxina 38 da *Voz de Galicia* do pasado 11.09.05 "*...Reganosa cuenta con todos los permisos administrativos y recibió el visto bueno por dos veces de seis organismos del Gobierno Central y de la Xunta*".

A verdade é que Reganosa contou cunha autorización PREVIA do Goberno Central baseado entre outros trámites nun documento (Declaración de efectos ambientais) que a propia Xunta (arte e parte no negocio) facilitou: **Documento que foi declarado nulo en xuño de 2004 polo TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA**, cunha sentenza que foi recorrida por REGANOSA e a XUNTA DE GALICIA diante do TRIBUNAL SUPREMO, no cal está pendente unha sentenza que se agarda para antes de que rematen as obras de Reganosa. Se o Tribunal Supremo ratifica a sentenza do TSXG, quedaría tamén anulado todo o procedemento de autorización das obras de Reganosa, e eso tamén o saben os voceiros interesados en transmitir falsidades.

Todo o que están a facer en Punta Promontoiro vulnera a legalidade vixente. Entre esas infraccións legais está a obriga de que existan como mínimo dous quilómetros de distancia entre as poboacións e as industrias perigosas ou nocivas, tal como esixe o artigo 4 do RAMINP, segundo a sentenza de abril de 2004 do Tribunal Supremo que declara nulas as obras da Depuradora de Aranda de Duero. Pero o proxecto de Reganosa tamén incumpre a lexislación de riscos de accidentes graves por sustancias perigosas, artigo 12 do Real Decreto 1254/99, ou Directiva Seveso II, sobre distancias ás poboacións que poden chegar a máis de 2 quilómetros en función dos riscos. Así mesmo Reganosa ten sen facer a Avaliación de Impacto Ambiental que é obrigatoria segundo as leis española e europea, o que esixe:

- Estudo de –ó menos– tres alternativas distintas de ubicación, entre elas a do Porto Exterior ou en mar aberto do golfo Ártabro, pero en Reganosa unha parte dos socios teñen «o capricho» de ubicar unha perigosa Planta de Gas dentro da Ría de Ferrol.


- Avaliación e cuantificación dos impactos no medio ambiente, o que Reganosa non fixo axudado pola anterior Xunta de Galicia. Pero no proxecto de construción de Reganosa de xuño de 2003 inclúe un dragado do canal de entrada a Ría e tamén Reganosa fai uns meses solicitou á Consellería de Medioambiente, e ten pendente, lles autoricen un vertido á Ría de Ferrol de 26.000 m3 por hora de augas máis frías e con restos de cloro, todo o cal foi ocultado no proxecto básico de 2001 e non foi analizado na declaración de efectos anulada no ano 2004 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

- Consulta os organismos afectados, o cal non se fixo, pois non se consultou ás Confrarías de Mariscadores, nin ó Concello de Ferrol nin ós outros concellos da Ría. Soamente consultaron ó Concello de Mugardos e a seis organismos dependentes da administración central e autonómica ós que deron uns informes falsos ou falaces que non serven para acreditar que se cumpra a lexislación vixente, e constitúen proba documental diante dos xuíces de que o Proxecto de Reganosa está fóra da lei.

(Continúa na páx. 8)

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



***Tempos Novos*. Nº 100**
Revista mensual de información para o debate.
ISSN: 1137-6945

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos.


PRENSA

local, rexional, nacional e internacional


Diario de Ferrol	*A Nosa Terra*	*El País*
La Voz de Galicia	*Faro de Vigo*	*El Mundo*
Galicia Hoxe	*Novas da Galiza*	*Mundo Obrero*
El Correo Gallego	*La Opinión de A Coruña*	*Le Monde Diplomátique*




***Artez*. Nº 101**
Revista de las artes escénicas.
D.L: SS-1154/97



***Claustro*. Nº 3**
Asociación de amigos del Monasterio de Santa Catalina de Montefaro.



***Escaramuza*. Nº 18**
Revista cuatrimestral da asociación de actores, directores e técnicos de escena de Galicia.
D.L.: C-2483-2000



***Cátedra*. Nº 12**
Revista eumesa de estudios.
ISSN: 1133-9608



***Clave Orión*. 9-10-11**
Homenaxe a Eduardo Moreiras e a Marc Chagal.
ISSN: 1135-741-X




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS




As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos. 1919-1971
Xosé Manuel Nuñez Seixas
y Raúl Soutelo Vázquez
Ed. Galaxia
Premio Manuel Murguía 2002
ISBN: 84-8288-791-2



O dómine indómito
Xosé Díaz Díaz
Ed. Universidade de Santiago de Compostela
Premio de narrativa "Historias na Universidade"
ISBN: 84-9750-278-7



El juicio de los 23. El último gran proceso del TOP
Enrique Barrera, Rafael Pillado, José Torregrosa
Ed. Embora
ISBN: 84-95460-43-2



Protagonista de una generación
Jesús Rodríguez Pérez
Ed. do Castro
ISBN: 84-8485-191-5

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.



"O camposanto de Canido de Ferrol, o primeiro cemiterio da ilustración en Galicia"
Juan José Burgoa Fernández
Separata de *Estudios Mindonienses*, nº 21



Rutas arqueolóxicas do Eixo Atlántico
José Manuel Hidalgo Cuñarro (coord.)
Ed. Eixo Atlántico
ISBN: 609-446-8



Suevia Films-Cesáreo González: treinta años de cine español
José Luis Castro de Paz
y Josetxo Cerdán (coord.)
Ed. Xunta de Galicia-CGAI-Filmoteca española
ISBN: 84-453-4066-2




Airiños d'a miña terra. A Habana, 1909
Luís Alonso Girgado (ind.)
Ed. Xunta de Galicia.
Centro Ramón Piñeiro
ISBN: 84-453-4040-9

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

VIDEOTECA

con máis de 50 curtametraxes, obras de teatro, documentais, música...
E máis de 200 longrametraxes, dende os clásicos ata o cine máis actual

EDITORIAL



(Ven da pax. 5)

Pero ademais:

§ O proceso administrativo de permiso de operación está sen facer.

§ O dragado do canal de entrada da Ría para cumprir os requirimentos do estudo feito para garantir a seguridade da operación dos gaseiros está sen tramitar.

§ Despois de feito o dragado, se consegue os permisos, haberá que facer un novo estudo de riscos de operación.

§ Os procesos de resolución dos gasoductos están parados.

§ Os estudos de riscos tanto da planta en si como da operatividade dos gaseiros, navegación, descarga, emerxencias,...etc. tampouco están feitos.

§ Os protocolos de evacuación diante de posibles incidentes ou accidentes, hai que elaboralos e difundilos á poboación.

§ Da póliza de seguros ninguén fala, ... ou é que pensan inaugurar a planta sen cubrila? ¿e qué entidade vai asumir esa cobertura ...? ¿a qué custo ...?

§ ¿Por qué non preguntan e informan sobre a posición da Comisión Europea sobre este asunto?

Pero ben, como o que parece máis importante é darlle estímulos e lembranzas ó sentimento de galegos progresistas dispostos a facer o que sexa polo noso desenvolvemento ... etc ... etc ... bla ... bla ... bla todas esas cuestións que expoñemos, das que ninguén fala, mellor nin tocalas, escondamos a cabeza, pechemos os ollos, orellas e demais e tira para diante, ah! pero si se lles enche a boca de plans estratéxicos,...etc. na defensa do medio ambiente, nas políticas de prevención, no desenvolvemento sustentable e outras lindezas que parece que nada teñen que ver cunha PLANTA REGASIFICADORA coa que **NON** estamos en contra, pero si rexeitamos unha e mil veces a súa **SITUACIÓN (Ubicación) ...**

Se conseguen poñela en funcionamento, o que seguimos dubidando, á vida mariña da RÍA DE FERROL quédanlle MESES, nin tan sequera ANOS.


Xa o dixemos, os EE UU prohibiron a utilización da auga do mar para o proceso de regasificación nas plantas que teñen no mar polo perigo de desertización do golfo de MÉXICO. A RÍA de FERROL é un vaso de auga.

- Pero o máis grave é que poñerían en permanente alerta e perigo de incidente a máis de 20.000 persoas que vivimos nun radio de menos de 2000 metros.

- Parece que isto son fantasías, alarmismos, simplezas dos que estamos en contra do progreso ... Non pensamos nos postos de traballo, ... etc. Argumentacións que escoitamos a diario e que só lles atopamos dúas posibles explicacións:

"O DESCOÑECEMENTO DA REALIDADE E O EMPECINAMENTO DE INTERESES ECONÓMICOS, ÓS QUE POUCO LLE IMPORTAN OS RECURSOS NATURAIS E A VIDA DA CIDADANÍA. POSICIÓNS INDEFENDIBLES DIANTE DA TENDENCIA ACTUAL EUROPEA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE".

ATENEO FERROLÁN



A Asociación de Amigos do Corazón (AMICOR), na Asemblea Informativa do 30/VI/2005 lle conceden a distinción de «CORAZÓN DE VERÁN» ao ATENEO FERROLÁN, polo seu «estímulo ao nacemento de agrupacións que propoñen realizar actividades científicas e culturais e pola súa cooperación para o fomento da cultura e o desenvolvemento social de Ferrol».

Na imaxe da esquerda, ó presidente de AMICOR, D. Carlos Piñeiro Díaz, fai entrega da medalla ao presidente do Ateneo Ferrolán, D. Eliseo Zaera Ríos.



AMICOR


ASOCIACIÓN DE AMIG@S DO CORAZÓN

ÁREA SANITARIA DE FERROL



CENTO DEZ ANOS DO CINEMA

28 / XII / 1895



O NACEMENTO DO CINE

«La llegada de un tren a la estación de Ciotat» (1895) dos irmáns Lumière.

Considérase que o cine naceu oficialmente o 28 de decembro de 1895.

Aquel día, os irmáns Lumière mostraron, en sesión pública, os seus filmes ós espectadores do *Salón Indien* de París. Nun dos seus primeiros filmes, «LA LLEGADA DE UN TREN A LA ESTACIÓN DE CIOTAT», o efecto dunha locomotora que parecía saír da pantalla foi enorme. O aparato co que o conseguiron chamárono CINEMATÓGRAFO.

NACERA A CINEMATOGRAFÍA.

Dende o Ateneo Ferrolán queremos sumarnos ó cento dez aniversario do nacemento do cine, proxectando algunhas das películas, que, ó noso entender son as máis representativas da historia do cine e, dos grandes movementos que consagraron á sétima arte como se vén denominando á máis xove de tódalas artes.

Con este CICLO DE CINE pretendemos pois dar a coñecer algunha das películas máis representativas do cine, sendo conscientes que é bastante difícil acotar en tan só nove proxeccións toda a historia do cine, e que van quedar lagunas por cubrir que en todo caso se poderían subsanar con outros ciclos de cine posteriores, para o cal vos agradecemos de antemán as vosas suxestións.


E, isto é así que no tocante ó cine mudo tan só imos proxectar dúas películas desta época do cine –en tanto somos conscientes que é un cine de difícil visión– e a primeira delas vai ser "**O Gabinete do Doctor Caligari**" (1919), de Robert Wiene, que é unha das películas máis representativas do primeiro movemento do cine que foi o expresionismo, movemento este no que tamén destacan outros cineastas como Fritz Lang, Murnau ou Past.


Este cine expresionista naceu despois da derrota dos alemáns na Guerra Europea e reflicte as súas angustias e contradicións. O traballo de iluminación chea de contrastes entre claro-escuro, a luz e a sombra, serán un dos aspectos plásticos máis innovadores.

O lector advertirá que até o de aquí xa se creou unha lagoa pois non imos proxectar ningunha película do cineasta que creou os cimentos da linguaxe cinematográfica que indudablemente é David Wark Griffith, con obras mestras coma "O nacemento dunha nación" (1914) e, "Intolerancia" (1915) obras que están a disposición dos socios e socias para quen as queira visionar pois son obras complexas e de longa duración que poden resultar un *chisco* pesadas.

Proseguindo coa nosa historia do cine, a segunda película muda que imos proxectar é "**O Acorazado Potemkin**" (1925) de Serguei M. Eisenstein que sor-

«Dende o Ateneo Ferrolán queremos sumarnos ó cento dez aniversario do nacemento do cine».







De esquerda a dereita: Os irmáns Lumière no seu laboratorio; Cartel anunciando o novo espectáculo e «Viaxe á Lúa» (1902) de George Méliès, outro dos pioneiros.



«Con cada película que se proxecte haberá uns trípticos cunha información completa do filme».

prendeu ó mundo coa forza das súas imaxes e a maxistral utilización da montaxe e, que foi un dos promotores da denominada vangarda soviética, xunto tamén co inefable Pudovkin.

Con estas dúas películas damos por finalizada a época muda do cine e, entramos xa de cheo na época sonora á cal lle imos consagrar o resto dos títulos.

Coma é ben sabido o cine sonoro naceu o día 6 de outubro de 1927 coa película "O cantor de Jazz" de Alan Crosland.

Ós poucos anos de nace-lo cine sonoro ten lugar a segunda guerra mundial que veuse representada de diferentes xeitos –como non podía ser doutro modo– no cine coma, por ejemplo, na emblemática "O Gran Ditador", de Charles Chaplin mais, nós imos proxectar sobre este período da guerra a divertida comedia "**Ser ou non ser**" (1942) de Lubitsch que foi concibida coma un filme de propaganda antinazi.

A outra película que eliximos a continuación é "**El tercer hombre**" de Carold Reed que está ambientada na Viena de 1947 cando está ocupada polos aliados da Segunda Guerra Mundial.



Os irmáns Pathe á vangarda da comercialización

Se hai un movemento que destaque na posguerra ese é obviamente o neorrealismo italiano, representado por autores do talle de Roberto Rosellini, Vittorio de Sica ou Visconti, este movemento caracterízase por facer un cine testemuñal sobre a realidade do momento, é un cine feito con poucos medios pero con moita humanidade; para representar este movemento elixímo-la película "**Ladrón de bicicletas**" (1948) de Vittorio de Sica.

Proseguindo coas grandes etapas e movementos que caracterizaron o cine é obrigado deterse na denominada "Nouvelle Vague" ou, "nova onda" cine que se desenvolve a finais dos anos cincuenta, con obras xa míticas coma "O final da escapada" (1959) de Godard e que conta con outros realizadores coma Resnais, Chabrol, Malle, Rohmer ou Truffaut, sendo deste último director do que imos proxectar o filme "**Os catrocentos golpes**" (1959), opera prima do mencionado cineasta; o devandita película é unha das obras máis representativas desta



Primeira ficción cinematográfica: «O regador regado» (1895) dos irmáns Lumière

nova concepción do cine que tería eco noutros países coma en Gran Bretaña co "free cinema".

Para non deixar de lado o cine que se fai en España e, intentando recoller unha das películas máis representativas dos grandes feitos que aconteceron en España como foron a guerra e a posguerra, decidimos escoller "**O verdugo**" (1963) de Berlanga, que conta a historia dun mozo que se ve obrigado a asumir a profesión do seu sogro –verdugo– para poder conserva-lo seu piso.

Para que nesta historia do cine teñan cabida o maior número de cinematografías decidimos escoller unha película dos denominados cines latinoamericanos e, decantarnos por "**Un lugar en el mundo**" (1992) de Adolfo Aristaráin, película clave da última década da cinematografía arxentina e que é unha reflexión sobre a ditadura deste país.

Para rematar este ciclo de cine e por ser un chisco arriscado imos propórvos a película "**Deseando amar**" (2000) do director coreano Wong Karwai, crendo que non é moi arriscada pois é unha película dunha beleza case insólita, dunha cadencia musical marabillosa.

Así pois, esperamos que gocedes con este ciclo de cine que vos propomos e, dicirvos que con cada película que se proxecte haberá uns trípticos cunha información máis completa do filme, coa súa ficha técnica, o argumento, datos sobre o director, etc.

O programa pois é coma segue:

Martes, 11 de outubro – "**O gabinete do Doctor Caligari**" (1919) Robert Wiene
Martes, 18 de outubro – "**O acorazado Potemkin**" (1925) Sergei M. Eisenstein
Martes, 25 de outubro – "**Ser ou non ser**" (1942) de Ernst Lubitsch
Martes, 8 de novembro – "**O terceiro home**" (1949) de Carol Reed
Martes, 15 de novembro – "**O ladrón de bicicletas**" (1948) de Vittorio de Sica
Martes, 22 de novembro – "**Os catrocentos golpes**" (1959) de François Truffaut
Martes, 29 de novembro – "**O verdugo**" (1963) de Luis García Berlanga
Martes, 13 de decembro – "**Un lugar en el mundo**" (1992) de Adolfo Aristarain
Martes, 20 de decembro – "**Deseando amar**" (2000) de Wong Karwai



A ILLA DE SAN SIMÓN ALBERGARÁ O CENTRO DA MEMORIA HISTÓRICA DE GALICIA

O organismo pretende ser un punto de referencia sobre a Guerra Civil en Galicia.



A Xunta de Galicia creará na illa redondelá de **San Simón** o **Centro da Memoria Histórica de Galicia** e converterá este enclave na sede principal dunha serie de actividades programadas para 2006, ano no que se cumpre o setenta aniversario do alzamento militar que acabou coa II República, en memoria dos represaliados.


A Conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, cualificou esta homenaxe de «xustiza social» cara ás víctimas do fascismo. Neste sentido explicou que se elixiu a illa de San Simón precisamente por ter sido cárcere franquista entre 1936 e 1943. Entre os muros dos seus edificios, hoxe recuperados para a cultura polo arquitecto vigués César Portela, chegaron a vivir amontoados 2.200 presos, dos que pereceron 600.

O Centro da Memoria, dedicado á investigación e difusión da Guerra Civil, nace coa pretensión de converterse nun punto de referencia para os historiadores. Os seus principais obxectivos serán a creación e custodia dun arquivo da memoria que recompile os documentos sobre esta etapa repartidos entre particulares e entidades, e a recuperación dos testemuños de víctimas e familiares.

O punto de partida será, segundo o director xeral de Patrimonio Cultural, Felipe Arias, a propia historia da illa e do traballo realizado por universidades e entidades. En canto á posibilidade de reclamar a outras comunidades documentos vinculados a Galicia, o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, explicou que as novas tecnoloxías permiten contar coa información sen necesidade de ter os orixinais.

A conselleira afirmou que con este centro, o Goberno autonómico continúa o ronsel ou rastro iniciados por distintos colectivos que traballan polo recoñecemento das víctimas do franquismo ó igual que fixeron outros gobernos autonómicos. Unha das ferramentas deste organismo será un portal de Internet, que difundirá todos os datos que vaian recompilándose e que servirá ademais de enlace coas distintas asociacións. Todas as actividades e propostas que se deriven de dito centro estarán coordinadas por unha comisión específica de carácter permanente.

«Os seus principais obxectivos serán a creación e custodia dun arquivo da memoria».



CARTA REMITIDA A TODOS E TODAS OS INTEGRANTES DA NOVA XUNTA DE GALICIA

«Confiamos en que os novos responsabeis do Goberno Autonómico sexan quen de poñer as cousas no seu sitio e tomen as medidas correctoras que a gravidade do tema require».

Queremos expoñer á consideración da nova XUNTA DE GALICIA unha síntese extractada de circunstancias e valoracións que facemos dun gravísimo problema que afecta directamente á poboación de FERROLTERRA e preocupa –até niveis non fáciles de explicar– a un amplo sector da cidadanía que vai en aumento na medida que os datos, as realidades e outras actuacións semellantes que se están a cancelar polo mundo van sendo coñecidas, a pesar do pacto de silencio informativo que parece existir nos medios oficiais e privados.

A Xunta de MANUEL FRAGA e XOSÉ CUIÑA (onde vai ...!) confabulouse co empresario ROBERTO TOJEIRO e xuntos artellaron un entramado EMPRESARIAL / MEDIÁTICO con todos os atributos do caciquismo ancestral da Galicia profunda e do compadreo político de tempos pasados. O seu obxectivo: Levar a cabo o maior DISPARATE MEDIOAMBIENTAL da historia de GALIZA.

Nun proceso cheo de IRREGULARIDADES:

- Parcelación do Proxecto.
- Ocultación de datos.
- Política de feitos consumados.
- Manipulación da información mediática e argallada por unha oficina periodística de Santiago de Compostela, contratada fundamentalmente para este obxectivo.
- Mentiras mediáticas como foron:
  - · A construcción da planta supón a fin da "lacra do paro" en Ferrolterra
  - · O gas natural (metano) é un combustible limpo e é o preferido polos ecoloxistas.
  - · A planta de gas non pode esperar a que estea rematado o porto exterior xa que é urxente a súa operatividade.
  - · A regasificación farase coa planta de coxeneración de Forestal e non coa auga de mar.
  - · A planta de gas atraerá a outras industrias e suporá o desenvolvemento industrial de Ferrolterra.

Acadan un permiso previo de construcción da PLANTA DE GAS no período provisional do derrotado goberno de AZNAR despois de ter intentado burlar unha esixencia imprescindible como é a DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL (Ver resolución do T.S.X.G.).

- Pasan por riba e conseguen ou ben silencios ou informes "favorables" aínda que condicionados, totalmente contrarios á:
  - · Lexislación de costas
  - · Regulamento RAMINP de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
  - · Normativas de instalacións perigosas (Lei de portos R.D. 145/1989).
  - · Lexislación europea (Lei 1254/1999 ou Lei SEVESO II)
  - · Respecto ós depósitos arqueolóxicos da zona.
  - · Normativas de tráfico marítimo (UNE EN 1473 e Regulamento de practicaxe na ría de Ferrol)
  - · Lexislación sobre distancias a vivendas e instalacións militares (Lei 8/1975)
  - · Norma UNE EN 1532 sobre navegación de gaseiros nos terminais de GNL
  - · PXOM vixente do Concello de Mugardos.
  - · Lei do Sector de Hidrocarburos (R.D. 34/1998)

Confiamos en que os novos responsabeis do Goberno Autonómico sexan quen de po-



CARTA REMITIDA A TODOS E TODAS OS INTEGRANTES DA NOVA XUNTA DE GALICIA

ñer as cousas no seu sitio e tomen as medidas correctoras que a gravidade do tema require.

Somos conscientes, e estamos abraiados porque ningún dos dous Partidos Políticos que van conformar a Xunta de Galicia se distinguiron pola súa denuncia ou oposición a semellante disparate (si no caso de ENCE) que estamos a denunciar dende hai máis de catro anos, disparate que conleva unha implicación da Xunta de Manuel Fraga que bordeou en máis dunha actuación a ilegalidade ou a prevaricación e actuando sempre cun proteccionismo e permisividade interesada difícil de entender nestes tempos. Pero queremos que a nova Xunta estude a fondo o caso e desexamos que sexan eles os que tomen a iniciativa neste asunto tan grave e se adianten a acción da XUSTIZA que xa deu un sinal suficientemente claro. Sería un elemento máis de xustificación do relevo político e unha proba de que o cambio non só é de persoas senón de sistema de goberno, de prácticas e modos de gobernar.

Nos últimos meses (2005) tivemos acceso ó PROXECTO COMPLETO DA PLANTA. É alucinante o tratamento de dous temas que merecen un estudo en profundidade:

- A utilización da auga do mar (mesturada con hipoclorito sódico) para o quentamento do gas licuado o que supón a morte da fauna mariña na zona da planta. (No ano 2001 adiantaban que este sistema non era doado xa que Augas Galicia non o aceptaba polo impacto que supoñía para os bancos de ameixas e agora o queren aplicar soamente porque aforran cartos)
- O dragado do canal da ría para garantir a operatividade dos gaseiros. (No informe holandés de MARIN di que despois do dragado haberá que facer novas probas para asegurar a saída do gaseiro en caso de emerxencia).
- Un ataque bélico ou atentado terrorista suporía a queima de Mugardos e parte de Ferrol xunto coas súas xentes, segundo os estudos de Jerry Havens, James Fay, Sandia Laboratory e do American Bureau of Shipping (ABS). O mesmo John Kerry-candidato á presidencia dos EE.UU.- está liderando a loita contra as plantas de GNL de Fall River e Providence no estado de Massachussets.

Hai que pensar tamén no deterioro que para a ría supón a planta de gas, xa que prexudica a:

- Estética da paisaxe da RÍA.
- Pretensión do PATRIMONIO MUNDIAL.
- Posibilidades (abortadas) de tráficos turísticos.
- A saturación de movementos de tráfico con riscos nun centro de operacións navais militares.
- Repercusión no desenvolvemento urbanístico das zonas rurais do Seixo, Limodre, Maniños, etc. polo paso do gasoducto.
- A chegada doutras industrias contaminantes e relacionadas co gas natural (fundamentalmente metano), co que se rebasaría o límite xa excesivo de concentración de industrias perigosas.
- Perigosidade nas zonas limítrofes polo paso de camións cargados con gas licuado.

Agardamos unha decisión valente e obrigada na defensa do medio ambiente, da vida e do desenvolvemento sostible coa prevención de riscos evitables.

Atentamente,

ELISEO ZAERA RÍOS

«Sería un elemento máis de xustificación do relevo político e unha proba de que o cambio non só é de persoas senón de sistema de goberno, de prácticas e modos de gobernar».



15° CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" - ANO 2005

EN FERROL A 31 DE AGOSTO DE 2005, NO AUDITORIO FIMO DE FERROL, O XURADO CUALIFICADOR DO 15° CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN", INTEGRADO POR :

* VÍCTOR FERNÁNDEZ GABEIRAS
* XABIER RODRÍGUEZ FARIÑAS
* CARLOS ICAZA BOADO
* XOÁN RODRÍGUEZ SILVAR
* XESÚS VAAMONDE MANTEIGA

E ACTUANDO COMO SECRETARIA SEN VOTO, CRISTINA MEIZOSO ALONSO, UNHA VEZ ESCOITADAS E VALORADAS A TOTALIDADE DAS PEZAS PRESENTADAS A ESTA FINAL DO CONCURSO, ASÍ COMO A INTERPRETACIÓN DE TÓDOLOS GAITEIROS FINALISTAS,

Acordan outorgar **DOUS ACCÉSIT** de 600 € cada un a:

OSCAR MIRANDA LODEIROS

ANÁISY GÓMEZ FERNÁNDEZ

Así mesmo, ACORDA por unanimidade, concederlle o **PREMIO ÚNICO** de 1800 € deste 15° Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a

DANIEL BELLÓN GARCÍA

O Xurado quere facer constar o importante nivel de calidade acadado por tódolos finalistas seleccionados para este Concurso na súa décimo quinta edición.


O Ateneo Ferrolán acorda concedelas Mencións de Gaita "Constantino Bellón" correspondentes ó ano 2005 a:

1) GAITA DE PRATA

*O Ateneo Ferrolán quere render un recoñecemento, concedendo a **Gaita de Prata "Constantino Bellón 2005"**, ao CONSERVATORIO DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLK de LALÍN polo seu papel na divulgación e no ensino da música tradicional galega.*

2) GAITA DE OURO

*O Ateneo Ferrolán acorda concedela **Gaita de Ouro "Constantino Bellón 2005"**, na persoa de **JOSÉ TEMPRANO CASTRO** pola súa traxectoria artística na música tradicional galega.*





ACORDOU, por unanimidade seleccionar os seguintes finalistas:

PREMIO "CONSTANTINO BELLÓN"	PREMIO "GAITEIRO DE SOUTELO"
1. Daniel Bellón García. Barallobre, Fene, A Coruña	1. Daniel Lumbreras Rodríguez. Donosti, Guipúzcoa
2. José Manuel Mojón Pérez. Ourense	2. Pablo Martín Rocco Couselo. Arxentina
3. Agustín Sánchez Iglesias. A Coruña	3. Juan Pablo Aguirre Alegre. Arxentina
4. Oscar Miranda Lodeiros. Arteixo, A Coruña	4. Anáisy Gómez Fernández. Habana, Cuba

Concurso Composición para Gaita Galega Solista
Punto n° 9 do
Concurso de Gaita Galega
"CONSTANTINO BELLÓN"

ACORDOU, entregar o PREMIO de Composición para Gaita Galega Solista a:

JAVIER MARIA LÓPEZ RODRÍGUEZ

pola partitura para Gaita e Orquestra de Corda "CARMINA UTRICULARIS"

En Ferrol, o día 18 de xullo de 2005, no local do Ateneo Ferrolán, sito na rúa Magdalena, 202, o XURADO do 15° Concurso de Gaita Galega "CONSTANTINO BELLÓN"



"O BELLÓN"

"O BELLÓN"

Por Amparo Gines

"¿Qué cacharro es ése que levas ahí?", pregúntanlle a Anáisy cando vai coa súa gaita debaixo do brazo polas rúas da Habana. Cando a rapaza llelo explica, e mesmo lles fai unha demostración, alucinan. Hai pouco contoulles que recibira un premio por tocar o "cacharro" este, e que viría a Galicia como gaiteira de Soutelo, e alucinarían máis. E cando lles diga que gañou outro premio máis, van flipar (que vén ser algo así como o superlativo de abraiarse, abreviando).

Na Habana, xa que logo, non deben de quedar moitos gaiteiros. Os últimos estaban no documental de Ernesto Daranas e Natasha Vázquez, e todos representados no derradeiro, Eduardo Lorenzo. Anáisy recibiu clases del, que é protagonista deste moi premiado documental; galardóns como a Medalla Castelao 2005 da Xunta de Galicia, Premio Iberoamericano de Xornalismo Rei de España, Festival de Movemento de Video Independente Iberoamericano... Así que ao Bellón tróuxose tamén a historia da gaita alén das fronteiras, a través da alumna dun home que xa fixo historia co instrumento.

Vaia todo o parágrafo seguinte, como os anteriores, co permiso de Daniel Bellón, que debería se-lo primeiro en encher liñas por aquilo de que gañou, máis que nada, e iso que non é fillo, nin neto, nin curmán, nin tan sequera veciño, do Bellón que dá nome ao Concurso de Gaita Galega que organiza o Ateneo. De Constantino, vamos. Este Bellón é outro, de Fene, un rapaz gaiteiro que repetiu premio por unanimidade. E non só do xurado, senón tamén dos seus propios compañeiros –e contrincantes– do 31 de agosto.

E é que a presenza de Anáisy marcou este ano a parte chamativa do certame. O que pasa é que aos do Ateneo aínda non lles deu por iso da paridade obrigatoria, igual que tampouco por encher tódalas prazas posibles porque si, así que o que manda é a calidade. E dentro de que as mulleres escasean nisto da gaita, parece, ás veces aparece unha xoia como pasou con Anáisy que, a parte de tocar, enfeitizou a todo o mundo co seu sorriso permanente.

E tamén –perdoa, Daniel– estivo Pepe Temprano. Poucas veces os participantes no Constantino Bellón recibirían un máster en vida de gaiteiro máis acertado, máis amplo e máis ameno. O que ten Pepe é que, ademais de gaiteiro, vén ser como un complexo vitaminado capaz de tombar ás novas xeracións. Así que, mentres os participantes pensaban na sesta ou en darlle outra volta ás partituras en plan tranquilo, Temprano tiña corda para moito tempo. De cada sitio que visitou (e non se dan contado) ten unha anécdota, un amigo, un recordo e unha ensinanza. Pepe ten a sensación –nótase– de que non todo o mundo sabe valorar o que fixo e segue facendo, pero non dubida nin un intre en dicir: "Eu, se nacese outra vez, voltaría ser gaiteiro".

Quen tamén repetiu foi Daniel Bellón (agora si), que xa probara a victoria no premio do Ateneo, e foi de novo o mellor dos participantes. O fenés é un dos rostros máis habituais deste certame e doutros diversos que se celebran, e sempre con bos resultados. Quen sabe se algún día será o novo Pepe Temprano que leve as súas vivencias por alí por onde haxa gaiteiros novos. E parece que seguirá habéndoos, porque aos habituais do Bellón, que non son poucos, andan a sumarse novas promesas vidas de diferentes lugares. Unha tarefa á que contribúen escolas como a tamén premiada de Lalín, un conservatorio consagrado á música folk, aos instrumentos e sons propios de Galicia.

O número quince foi o do Amodiño e o da nena bonita... O ano que vén, máis.

Anáisy


Daniel Bellón

Pepe Temprano

Conservatorio de Lalín

¡ XA ESTAMOS NO AR !

RADIO FILISPIM



Faite socio do colectivo **O.P.A.Í.Í.!!!!.** Anímate a facer o teu programa en **Rádio Filispim !!!**

A emisora libre e comunitaria **Radio Filispim** xa é unha realidade. Desde o mediodía do pasado sábado 27 de agosto, as súas ondas voan polo ar da bisbarra de Trasancos e incluso máis aló.

Tras case 2 anos de traballo, sen présa pero sen pausa, o colectivo **O.P.A.Í.Í !!** encomenzaba a súa emisión en probas. Atrás quedaban os primeiros contactos e asembleas, a procura de inspiración noutras iniciativas similares e a súa adaptación a nosa realidade particular, a constitución da asociación cultural **O.P.A.Í.Í !!** e diversas actividades divulgativas e recadativas para un proxecto autoxestionado. Mais, finalmente, o silencio do **93.0** do dial da F.M. acabou rachado: ao son da Matraca Perversa, as primeiras verbas d@s filispinian@s chamaban á complicidade dos seus compañeiros ao outro lado do pequeno recuncho radiofónico.

Con este novo estímulo, a coordinadora entrégase ao acondicionamento do pequeno estudo filispino, á elaboración dunhas primeiras seleccións musicais e as cuñas que chaman á participación. Ao mesmo tempo, e xa recibindo as primeiras propostas de programas radiofónicos, argállase un ciclo de cinema sobre a radio, un programa especial que presentará o día 11 de outubro a primeira grella de programación e unha merecida festa celebración no local social da Fundaçom Artábria esa mesma noite.

O.P.A.Í.Í. !!!! - Rádio Filispim !!! abre uns micrófonos ao debate, á crítica constructiva con dereito á réplica, á expresión das inquedanzas de colectivos e individuos. Se iso é molestar, seremos entón o dedo no ollo.

Procuramos abrirnos á diversidade, emitindo preferentemente as músicas que merecen o apoio que non receben noutros medios. Se iso amola, seremos unha mosca trala orella.

Desde aquí os nosos agradecementos e saúde filispiniana ao **Ateneo Ferrolán** pola súa acollida, peza fundamental na realización deste pequeno gran soño; a toda a xente que nalgún momento respondeu á nosa chamada participando coa súa arte, mercando o noso material, asistindo ás nosas actividades ou, simplemente, animándonos; e aos socios fundadores por estaren aí desde o principio.

Pepe Cunha - *Membro da coordenadora de* ***O.P.A.Í.Í. !!!! - Rádio Filispim !!!*** filispina@gmail.com ; Apdo. 303, Ferrol



POSTOS DE TRABALLO (TEMA DE REFLEXIÓN EN FERROLTERRA)


UN RECLAMO PUBLICITARIO OBSCENO E OFENSIVO.

Coa situación real e dramática que vimos padecendo dende hai anos, é penoso que algúns medios de comunicación dean cabida a noticias sobre creación de postos de traballo, cancelación de proxectos que suporían centos de postos de traballo, defensa de actuacións cuestionadas, de dubidosa legalidade pola creación de postos de traballo, cifras infladas e ofensivas para os centos de homes e mulleres que non atopan traballo, ou como no último exemplo, polo de agora, UNICEN, que deixa 140 empregados na rúa. Esas si que son cifras certas, reais e verdadeiras.

E qué dicir dos sindicatos ... meténdose na temática das absorcións, opas, ... etc., despois dos exemplos que deron de silencio e aceptación nos cambalaches de cambios de nome, titularidade, absorcións, des-absorcións, etc., etc., etc.; ou xa se esqueceron dos casos IMENOSA – BABCOK-WILCOX, ou dos mareos ASTANO – BAZÁN – IZAR – NAVANTIA ...

Moito debate e moito escurantismo na recente historia laboral-empresarial da Comarca.


Hai un aumento alarmante de desesperanza e incredulidade referidas moi especialmente ós políticos e ós medios de comunicación.





O ATENEO FERROLÁN CON **SANTIAGO CARRILLO**. CARTA DE ADHESIÓN.

Teño a honra de trasladar por medio da presente o sentir deste ATENEO FERROLÁN :

A nosa **ADHESIÓN e APOIO** á iniciativa da Asociación Fuco Buxán e da Fundación 10 de Marzo de realizar unha homenaxe de recoñecemento á persoa de **SANTIAGO CARRILLO** como símbolo de reconciliación e entrega á causa da convivencia pacífica e democrática, por riba de valoracións e posicionamentos sobre etapas da nosa historia, felizmente superadas, nas que ninguén está libre de culpa.







CADERNOS DO ATENEO FERROLÁN 17-18
FERROL: CIDADE DA ILUSTRACIÓN

LEMBRÁMOSVOS A TOD@S @S SOCI@S QUE TEDES QUE PASAR POLA OFICINA DO ATENEO A RECOLLER O ÚLTIMO CADERNO PUBLICADO





TEMOS LOTERIA DE NADAL

PARTICIPACIÓNS DE:3 €

Nº 31386



A REAL ACADEMIA ESPAÑOLA ASESORARÁ ÁS PERSOAS XORDAS EN MATERIA LINGÜÍSTICA GRAZAS UN ACORDO COA CNSE

O acordo trata de transmitir a experiencia que a RAE desenvolveu acerca das normas lingüísticas

A Real Academia Española (RAE) e a Confederación Estatal de Persoas Xordas (CNSE) suscribiron un convenio polo que a institución que dirixe Víctor García de la Concha se compromete a asesorar en materia lingüística a este colectivo de discapacitados.

García de la Concha sinalou que o acordo trata de transmitir a experiencia e a materia que a RAE desenvolveu acerca das normas lingüísticas, o seu alcance e a súa importancia, así como as normas ortográficas e as novas incorporacións léxicas.


«Sairemos ó encontro de cantas necesidades lles xurdan», indicou De la Concha, quen se mostrou partidario de buscar unha norma de sinos unitaria en todos os países de fala hispana.

O presidente da confederación, Luis Cañón, agradeceu, a través da interpretación da lingua de sinos, «a entrada pola porta grande» da academia e resaltou a importancia de difundir esta forma de comunicación. «Para nós é un acontecemento histórico», agregou.

Segundo Cañón, a colaboración da RAE e a súa experiencia é indispensable para conservar a pureza da lingua de sinos. Así mesmo, aproveitou a ocasión para denunciar os falsos mitos, prexuízos e tópicos ós que se someteu ó colectivo de xordos.

Por exemplo, sinalou Cañón, o termo «xordomudo» é erróneo, posto que os xordos pódense comunicar con normalidade en función das súas posibilidades. «O noso modo de comunicarnos non é unha linguaxe, é unha lingua rica, viva e fascinante», dixo.

En España existen 900.000 xordos e dous millóns de persoas con deficiencias auditivas.



LEMBRANZAS DE...

RICARDO PENA

Ferrol (creo eu) sempre viviu da mariña. Nos seus estaleiros fabricáronse os buques máis importantes da Armada Española: Cruceiros, Acoirazados, Minadores, Fragatas, ... etc. E tamén algún buque mercante, tal como o correo "Marqués de Comillas" que ó parecer sufrira un importante incendio en Astano. Non podo dar con moito detalle o acontecido sobre a construción destes buques, porque naquel tempo eu era moi neno. Só limítome a contar o que escoitei ós meus maiores. Pero o que si lembro é que nos anos 33-34 se construíron nestes estaleiros ferroláns, uns para a mariña de guerra mexicana; o "Querétaro" e o "Guanajato". (E o que aquí se armou).

Cando chegou o tempo da entrega destes buques, as rúas de Ferrol invadíronse de mariños mexicanos, e non soamente as rúas, senón tamén todos os bailes da comarca. Para as rapazas daquel tempo, era unha grande novidade. O bailaren un valse cun daqueles rapaces morenos e de dóce acento, supoñía algo así como un dóce soño feito realidade. Pero pronto empezaron os "celos" entre a rapazada varonil, e armouse a festa a trompada limpa. No salón de baile "El Palacio de Cristal" (Serantes) houbo que abrir as portas de par en par co fin de desaloxar o salón, porque aquilo en vez dun salón de baile parecía unha praza de touros. Todo aquilo foi de película, até houbo un pai que desafiou a súa filla con metela nas Oblatas se volvía a casa acompañada dun mariño mexicano.

Si, a historia de Ferrol é a historia dunha industria naval e dunha mariña militar. Foi durante moito tempo o primeiro departamento marítimo, e tamén o fogar daquela escuadra que eu lembro fondeada na ría, composta polos cruceiros Cervera, Libertad, República, Cervantes, ... etc. e os acoirazados Jaime e España.

Cando saía a escuadra a visitar as colonias do atlántico, cuxo percorrido chegaba ás veces até Guinea, todo Ferrol quedaba como durmido. Porque o comercio, os bares e sobre todo o mercado que era o que abastecía de alimentos á escuadra, sufrían unha tremenda caída na súa economía. Pero cando regresaban a casa os "lobos de mar", todo era bulicio e alegría; e até as rúas de Ferrol aparecían perfumadas de olor a tabaco rubio.

Moitas mozas daquel tempo tiñan o noivo na mariña, e este acontecemento era para elas algo así, como un agasallo divino.

As rapazas máis guapas levábanas os cabos, porque os galóns supoñían vivir mellor nun posible matrimonio; e por iso estes mozos acudían ós bailes de uniforme lucindo os seus galóns.

O GRUPO DE PINTORES DA E.N. BAZÁN.

Entre os anos 40 e 50, aparece un grupo de afeccionados á pintura de paisaxe seguindo o estilo impresionista, que de forma autodidáctica dedícase nos seus días libres a percorrer toda a comarca ferrolá pintando paisaxes mariñas, temas que encontramos con abundante fermosura en toda a periferia do noso Ferrol. E tal era a afección deste grupo que até a mesma prensa local bautizounos co nome de "Escuela Ferrolana".

Este grupo (empezando polos de máis idade) estaba formado por Carmelo González, Rafael Vilela, Tolín López Porta, Juan Pérez Casal, Paco Iglesias, Ricardo Pena, Vázquez Doce, González Collado, Aquilino Eiriz e o mugardés Manolo Piñeiro Pose.

Máis tarde, seguíronnos outros máis novos, tales como Vicente Vigo, Avelino Castro, Braxe, Rey, Juan Abeledo e outros que agora non me lembro.


Carmelo González era o máis bulidor, percorrendo os campos á velocidade dun ciclón, e de tal maneira que contaxiaba ós demais.

Vilela era o máis elegante, sempre cuberto co seu inseparable sombreiro, cigarro en boca e pintando sempre de pé, e logrando fermosísimos apuntamentos do máis puro impresionismo.

Paco Iglesias, foi sen dúbida, un dos mellores retratistas de Galicia, deixando nesta modalidade abundantísima obra, así como tamén as súas paisaxes e mariñas.

Tolín López Porta, era un pintor sosegado, meticuloso, de tal forma que, antes de tomar os pinceis

«As rapazas máis guapas levábanas os cabos, porque os galóns supoñían vivir mellor nun posible matrimonio.»





observaba e pensaba para logo aplicar as cores. Este inesquecible amigo- ademais de excelente pintor- lembreino sempre como unha excelente persoa. El foi o primeiro en publicar na prensa un artigo sobre unha das miñas primeiras exposicións, cuxo momento gardo como unha entrañable lembranza deste grande amigo.

Antolín Porta foi tamén presidente do Real Coro Toxos e Froles. Case todos nós, abasteciámonos na tenda de El Correo Gallego que estaba na rúa Real. O material que nos ofrecía este establecemento non era precisamente de primeira calidade, pero era o que conviña ós nosos petos ou economías, porque esta afección resulta un pouco cara, e naqueles tempos máis aínda. Eu quero manifestar o meu agradecemento a todas as ferrolás e ferroláns por axudarme visitando as exposicións e recibindo deles ese ánimo que tanto agradecemos os pintores. E estou seguro que os meus queridos compañeiros que xa se foron, sumaríanse de igual maneira a este agradecemento.

Aí vos deixamos esas paisaxes e mariñas arrincadas da beleza desta bendita terra cos seus vales esmeralda e as súas rías de brumosas e plácidas augas.

A SOCIEDADE ARTÍSTICA FERROLANA (SAF)

Entre as décadas dos anos 60-70, creouse a Sociedade Artística Ferrolá, na que ó principio todos os pintores da localidade acudimos co fin de participar nesta importante asociación de vital importancia para todos nós. Pero non sei por qué causa (falta de humildade?) soamente quedamos uns poucos, mais os suficientes para levar a cabo este importante labor cultural, da que eu, como socio fundador e directivo durante máis de vinte anos, estou orgulloso.

A idea nace dun mozo namorado da arte e a cultura (non esquezamos que a cultura non é un título universitario. "É o resultado de ter exercitado o home o seu entendemento nas ciencias ou nas artes) que –ó igual que os grandes conquistadores– loitou até lograr que a SAF fose un grupo de pintores compacto e recoñecido en toda Galicia, en España e o mundo. E este loitador chámase Carlos Barcón Collazo. E non me estraña a forza e o empeño de loita deste incansable traballador, porque non debemos esquecer que os seus antepasados, os Barcón de Xubia, crearon un Emporio no que (dise) se chegou a bater moeda.

Nos moitos anos que formei parte da Directiva xamais se falou de política nin nos importaron as ideas de cada un; este asunto só importaba no momento de cumprir coa nosa obrigación de cidadáns ante as urnas; polo demais, sempre amigos e traballando a favor das artes e a cultura. Eu non pertenzo a ningún partido político, pero teño moi estimados amigos tanto na dereita como na esquerda, e sempre respectei e continuarei respectando as ideas de cada un porque creo que isto é o correcto, se en verdade somos demócratas.

Parece mentira que Ferrol, berce de grandes pintores tales como Máximo Ramos, Sotomayor, Pérez Villaamil, ... etc. non tomase interese en ofrecernos un local onde poder levar a cabo as nosas actividades. As asociacións de veciños -todas elas- teñen o seu espléndido local para o desenvolvemento de pequenas actividades culturais. ¿E por que se lle negou sempre á SAF? E o máis chocante é que tivemos Presidentes desta sociedade cultural, que despois foron alcaldes e ... ¡nada! Eu cada vez estou máis convencido de que ten que ser moi difícil, porque do contrario, sei que algún bo amigo ó que aludo tacitamente, se puidese, faríao, pero en democracia a casa ten que ser gobernada por moitos, e aquí podemos empregar a famosa frase que ás veces utilizamos os galegos: "Uns por outros e a casa sen varrer".

Sendo Alcalde o señor Cenalmor, inaugurouse unha sala de exposicións, a que tiven a honra de estrear... ¿E a que está destinada agora? ⌘

«A cultura é o resultado de ter exercitado o home o seu entendemento nas ciencias ou nas artes».

IV CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA 2006"

BASES

1 As entidades ATENEO FERROLÁN e CAIXANOVA convocan o IV Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "ATENEA", dirixido a Centros Escolares e mais a Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, co fin de promover entre eses primeiros segmentos de nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica.

2 PARTICIPANTES. Poderán participar e optar ós premios que se establecen tódolos grupos teatrais, non profesionais, vencellados a Colexios Públicos e Privados, a Sociedades Culturais ou Veciñais da comarca, que se correspondan coas categorías que se establecen nestas Bases.

3 CATEGORÍAS. Establécense catro categorías para a participación neste Certame:

A) Grupos de Teatro Infantil

B) Grupos de Teatro Primaria

C) Grupos de Teatro Xuvenil

D) Educación Especial

A idade límite para participar como actor será de 20 anos.

4 CONDICIÓNS BÁSICAS.

a) Cada grupo participante só poderá presentar ó Certame unha obra.

b) A duración da representación de cada obra estará entre 20 e 75 minutos.


5 Tódolos grupos que queiran participar deberán envialas súas solicitudes ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202. Aptdo. 303. CP 15402. Ferrol) nas cales farán constar os seguintes datos: nome do colexio ou entidade e da persoa responsable cos datos correspondentes ó grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espacio necesario).

6 PRAZO. O prazo de presentación para a participación no Certame remata **o 20 de xaneiro do 2006**. Co gallo de facilita-la asistencia e traballo do Xurado, xunto coa solicitude deberá achegarse unha copia do texto da obra. Os grupos, optativamente poderán presentar unha gravación da obra en formato VHS, CD ou DVD.

7 REALIZACIÓN. REALIZACIÓN. A representación das obras, na súa primeira fase, terá lugar nos meses de marzo, abril e maio do 2006, dentro dun programa que estará en función do número de participantes. O Xurado fará unha selección de DOUS grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría C haberá unha selección dun só grupo. O Xurado valorará en cada representación os seguintes apartados:

a) Mellor posta en escena

b) Mellor representación



8 XURADO. O Xurado será nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e maila Caixa Nova, entre persoas representativas dos medios culturais e do ensino.

9 PREMIOS. Tódolos grupos seleccionados, como parte do Premio, actuarán na Fase Final do Certame, a celebrar entre os meses de maio e xuño, nun lugar a determinar pola Organización. Tamén recibirán unha cantidade en metálico, igual para todos polo importe de douscentos cincuenta euros (250 euros) que deberán ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas.

10 A presentación a este concurso supón a plena aceptación destas Bases. Tódolos imprevistos non contemplados nelas, serán resoltos polo Xurado sen ningún tipo de apelación.

MARTES DE CINE

O **Colectivo Opaíí!!** e o **Ateneo Ferrolán** continúan co seu ciclo de música e cine.

As proxeccións terán lugar no Ateneo Ferrolán todos os Martes as 20:30 h.

A entrada é de balde, aínda que haberá a disposición dos asistentes material promocional de apoio ao colectivo: fanzine, camisolas, chapas...

11 de outubro – "**O gabinete do Doctor Caligari**" (1919)
de Robert Wiene



18 de outubro – "**O acorazado Potemkin**" (1925)
de Sergei M. Eisenstein



25 de outubro – "**Ser ou non ser**" (1942)
de Ernst Lubitsch



8 de novembro – "**O terceiro home**" (1949)
de Carol Reed



15 de novembro – "**O ladrón de bicicletas**" (1948)
de Vittorio de Sica



22 de novembro – "**Os catrocentos golpes**" (1959)
de François Truffaut




29 de novembro – "**O verdugo**" (1963)
de Luis García Berlanga



13 de decembro – "**Un lugar en el mundo**" (1992)
de Adolfo Aristarain



20 de decembro – "**Deseando amar**" (2000)
de Wong Karwai



PRÉGASE PUNTUALIDADE.



CLUB DE LECTURA

Tódolos primeiros Martes de cada mes

4 de outubro
8 de novembro
13 de decembro
ás
19,30 horas.

Encontros coa LECTURA,
baixo a coordinación de

ÁNXELES SEOANE

Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.

Todos os **MÉRCORES**

TERTULIA ás 18 horas.

Todos os últimos **XOVES** de cada mes

AMICOR ás 20 horas.

16 de DECEMBRO

CATA DE VIÑOS

26, 27 e 28 de DECEMBRO

"V XORNADAS DE CURTAMETRAXES"

26 de OUTUBRO
Proxección ás 19 horas da película :
"TOMATES VERDES FRITOS"

ORGANIZA:
ASOCIACIÓN CULTURAL
DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA





II EXPOSICIÓN COLECTIVA DE OBRAS DE PEQUENO FORMATO

Estimados Socios/as – Pintores:

Énos grato informalos que do 12 ó 30 de decembro de 2005 imos celebrar, nas salas do Ateneo, a II EXPOSICIÓN DE PEQUENO FORMATO, só para socios e socias do Ateneo Ferrolán, na que podes participar con 1 ou 2 obras.


Para iso, debes enviar as obras antes do 30 de novembro, acompañadas dunha plica onde se sinale o nome do autor, enderezo, título da obra, así como o seu prezo si é que a desexas poñer á venda, a medida máxima da obra será de 55 x 50 cm. incluíndo o marco.

O expositor que venda a súa obra ABOARÁ ó Ateneo unha comisión do 10%. Os gastos que orixine a exposición como catálogo, copa de viño da inauguración,... correrá a cargo do Ateneo Ferrolán, excepto transportes e seguros.

As obras non adquiridas, deberán ser retiradas no prazo máximo dun mes, logo da clausura da exposición.

Esperando a túa participación, recibe un cordial saúdo,

VOCALÍA DE ARTES PLÁSTICAS
ATENEO FERROLÁN



FERROL, GALICIA FALL RIVER, MASSACHUSETTS





A baía de ***Narragansett*** está situada na costa atlántica de EE.UU. e baña ós estados de ***Massachusetts*** e ***Rhode Island***. Ten unha lonxitude de 30 km e dúas entradas dende o océano (separadas por unhas illas) de 10 km de lonxitude, cun ancho de bocana de aproximadamente 1.500 metros. A *baía de **Ferrol** ten unha lonxitude de 7 km, unha soa entrada, bastante tortuosa para a navegación, de 140 a 200 metros de ancho e 5 km de lonxitude..*

A baía americana ten no extremo interior dúas pequenas rías onde desembocan os ríos ***Tauton*** e ***Providence***. Na primeira ría, no lado oriental da baía, aséntase ***Fall River*** (Massachusetts), unha cidade de 100.000 habitantes e na segunda, a cidade de ***Providence*** (capital do estado de Rhode Island) de 180.000 habitantes. ***Ferrol** tamén está situada nunha ría, pero máis pequena e con menos habitantes que as anteriores e no seu extremo interior tamén desemboca un río, o Xubia.*

Ambas rías, ***Narragansett*** e ***Ferrol,*** tiveron a súa orixe polas excelentes condicións de abrigo para os buques que navegaban pola zona e por esta razón os nosos ancestros mariños instalaron nelas os seus fogares, almacéns, talleres, estaleiros, etc.

Tamén as empresas gasistas foron conscientes destas características e propuxeron instalar no interior das dúas rías e a certa distancia das tres cidades, ***Ferrol, Fall River e Providence*** senllas plantas regasificadoras de Gas Natural Licuado (GNL). ¿Por que? *Basicamente porque nos tres casos se cumprían dous requisitos fundamentais e apetitosos para as empresas gasistas: o primeiro evitar a construción dun dique de abrigo para conseguir que o gaseiro estivera "inmobilizado" durante as operacións delicadas de descarga de gas licuado e o segundo para conseguir a menor distancia entre as regasificadoras e as redes de gasoductos nacionais.* Por outra parte, a ausencia de accidentes maiores neste tipo de planta animaron ós gasistas a ter a ousadía de achegalas a poboacións agrupadas, contravindo as normativas do sector e o máis mínimo sentido da prudencia. O peor é que nin saben e nin queren saber as consecuencias para a poboación dun accidente maior neste tipo de plantas de gas licuado.

«Nin saben nin queren saber as consecuencias para a poboación dun accidente maior neste tipo de plantas de gas licuado».

Estas empresas, conscientes da impopularidade destas industrias, publican nas súas páxinas web e nos periódicos locais, ás veces coa súa connivencia, as "vantaxes" típicas que estes proxectos poden supoñer para a poboación da zona, como son: ***fin do paro, redución do prezo do gas, polo de atracción doutras empresas, enerxía limpa, chorreo de diñeiro ás arcas municipais***, etc. Non cabe dúbida que a maioría destas vantaxes son falacias simplonas que se descalifican por si soas, non obstante, os psicólogos das empresas gasistas saben que coa súa difusión conseguen desorientar á poboación, ós medios de comunicación e tamén a certos políticos de pouco "calado".

A ***LNG Terminal Act of 1977***, emitida pola comisión de enerxía do estado de California foi un referente importante para o asentamento das primeiras plantas regasificadoras de GNL. Esta normativa esixía unha distancia mínima de 4 millas (6´5 km) a poboacións agrupadas de máis de 60 habitantes. Posteriormente, as regulamentacións aplicables a este sector incluíron a esixencia de realizar un Estudo Cuantitativo de Riscos (QRA). Algo que en España non se practica con rigor, polo menos no sector do gas natural licuado.

Na baía de ***Narragansett*** existen outras poboacións máis pequenas como son as de ***Bristol, Portsmouth, Middletown, Somerset, Tiverton, New Port, Barrington***, etc., de algo menos de 30.000 habitantes cada unha. N*a ría de **Ferrol** tamén existen zonas poboadas agrupadas, **Fene, Mugardos, A Graña, O Castelo de San Filipe**, etc., aínda que de menos habitantes que aquelas.*

Na baía de ***Narragansett*** ubícase a famosa base militar ***Naval Undersea Warfare Center*** de ***New Port***, de submarinos e portaavións, próxi-



ma á cidade do mesmo nome. ***Ferrol** tamén ten unha base naval da Armada Española* e estaleiros *militares*. Por ambas rías circularán, se progresan os proxectos que estamos comentando, enormes gaseiros cargados de GNL.

A ***USCG*** (servizo de gardacostas de EE.UU.) limita unha zona de seguridade perimetral, ó redor dos gaseiros, mentres navegue pola ría, de 1.000 iardas (915 metros) de ancho e que impide calquera movemento nesa zona de buque ou lanchas durante o tempo de estadía do mesmo. Os gaseiros son escoltados por varios buques do USCG, lanchas da policía, helicópteros, etc. *A ría de Ferrol ten 1 Km de ancho, o que hipotecaría calquera movemento dos buques, (incluíndo os da **Armada Española**) se se chegase a aplicar esta norma.*

*En **Ferrol**, as nosas autoridades marítimas non se manifestaron neste sentido. Existe en vigor unha norma de navegación e practícase para a navegación de calquera buque na nosa ría e que se se aplica, os gaseiros non poderían operar.*

Debido ós estudios de navegación dos gaseiros para operar na baía de ***Narragansett*** é preciso realizar un dragado na zona de Fall River, o cal é fortemente rexeitado polos biólogos do sector pesqueiro, polo propio corpo de enxeñeiros do exército, pescadores deportivos, asociacións ecoloxistas, etc. Tamén será necesario ensanchar a ponte levadiza de ***Brightman Street*** de Fall River. *A baía de **Ferrol** tamén require o dragado para a navegación dos gaseiros, aínda que se ten que realizar no canal de acceso, moito máis difícil de executar debido ó seu fondo rochoso.*



Gaseiro na terminal de descarga vixiado por operativos do USS Coast Guard.

Nas plantas de GNL propostas de Providence e Fall River non se utilizará o sistema aberto (open loop) de auga de mar para regasificar o gas licuado crioxénico xa que o prohibe a ***Clean Water Act*** dos EE.UU. Este sistema de regasificación consiste en circular inxentes cantidades de auga de mar por uns vaporizadores e que ó quentar o gas licuado o converte de novo en gas, enfriándose a auga, a que será vertida de novo á ría uns 7 a 10 °C máis fría.


Para evitar a acumulación de colonias de seres mariños no interior dos condutos (que os obturarían) e vaporizadores da planta é preciso mesturar a auga de mar con hipoclorito sódico para matar ás larvas e ovos de peixes e moluscos de forma que non "aniñarían" nos sistemas de vaporización. A auga ó retornar ó mar –fría e envelenada– esquilmaría os bancos marisqueiros da ría. *Na planta de GNL de **Ferrol** preténdese agora utilizar este sistema cando os seus promotores manifestaron, hai catro anos, a súa intención de non facelo tal como publicaron os medios de comunicación naquel momento e recoñecendo a non conveniencia do seu uso. O caudal de auga necesario que se estima na planta de Ferrol é da orde de 600 millóns de litros ó día, máis do dobre do caudal do río Xubia. Descoñezo se por parte dos biólogos que traballan na ría de Ferrol se realizaron alegacións e/ou estudos de impacto sobre o hábitat mariño deste sistema de vaporización.*

Tanto na baía de ***Narragansett*** como na de ***Ferrol*** formáronse asociacións de veciños para coordinar as accións lexítimas de protesta en contra destes asentamentos. En Narragansett fórmase unha asociación de nome ***Save the Bay*** (Salvemos á Ría) na que participan todo tipo de asociacións de veciños, pescadores deportivos e comerciais, etc.

*En **Ferrol** fórmase en xullo do ano 2001 o **Comité Cidadán de Emerxencia da Ría de Ferrol** constituído na actualidade por máis de 50 asociacións de veciños, culturais, profesionais, deportivas, mariscadores, etc., ignoradas polo actual alcalde de Ferrol.*

A ***Energy Bill*** (Lei da Enerxía dos EE.UU.), aprobada o 29 de xullo pasado, inclúe unha cláusula que dá plena e única autoridade á FERC (Comisión Reguladora Federal da Enerxía) para decidir as ubicacións destas regasificadoras. Esta cláusula foi engadida a última hora, dise que a instancias do presidente Bush, dados os rexeitamentos que se estaban a suceder nas zonas propostas para ubicar estas plantas de GNL e obviamente a solicitude das empresas gasistas. Esta Lei cancelaba a participación das comisións de enerxía dos estados correspondentes nos procesos de valoración e aprobación dos asentamentos das regasificadoras. Os gobernadores de varios estados, como ***California***, ***Alabama***, ***Mississippi***, ***Rhode Island***,

«Existe en vigor unha norma de navegación para calquera buque na nosa ría e que se se aplica, os gaseiros non poderían operar».



*«Apenas uns poucos políticos locais como **Independentes por Ferrol (IF) i EU-IU** mantiveron unha postura inequívoca de rexeitamento».*

Delaware, ***Massachusetts***, **New Jersey** e ***Louisiana*** enviaron senllas cartas de protesta ó goberno federal.

Con este poder na man, sospeitouse que a FERC emitiría de forma inmediata as actas de aprobación dalgunhas plantas. Coñecedores desta posibilidade, centos de veciños da cidade de Fall River concentraronse o día 30 de xullo nunha asemblea cidadá, ó redor das típicas barbacoas, no parque da cidade para seguir as noticias sobre a posible decisión da FERC de aprobar a planta de Fall River.

Efectivamente, alí soubose que este organismo aprobaba as plantas de ***Sabine Pass*** e a de ***Fall River***, rexeitando o proxecto de ***Providence***.

Non se fixeron esperar declaracións en contra desta decisión da FERC que foron publicadas nos medios de comunicación e entre as que se poden encontrar na "rede" destacamos as das seguintes personalidades:

Alcalde de Fall River **Edward Lambert**, Presidente da coordinadora cidadá oposta á planta **Joe Carvalho**, Gobernador de Massachusetts **Mitt Romney**, Gobernador de Rhode Island **Don Carcieri**, Fiscal Xeneral de Rhode Island **Patrick Lynch**, Fiscal Xeneral de Massachusetts ***Tom Reilly***, senadores **John Kerry e Edward Kennedy** (demócratas por Massachusetts), senador **Jack Reed** (demócratas por Rhode Island), senadores **Barney Frank** e **James P. McGovern** (demócratas), **Lincoln Chafee** (republicanos por Rhode Island), Director executivo do colectivo *Save the Bay* (salvemos á baía) **Curt Spalding,** xefe de bombeiros de Providence **George Farrell,** director de Protección Civil **Leo Messier,** alcalde de Providence **David N. Cicilline,** exasesor contra-terrorismo da Casa Branca **Richard A. Clarke** (demitiu por non apoiar a Bush na estratexia da existencia de armas de destrución masiva en Iraq), etc





Salvemos la Ría... de Narragansett

*Gustarianos listar os nomes de políticos, homes de leis, profesionais de protección civil ou bombeiros, etc., da nosa cidade, rexión ou provincia que dalgunha maneira houbesen manifestado a súa opinión responsable contraria á ubicación da planta regasificadora de **Ferrol**. Aínda coñecemos algúns casos que si o farían de moi boa gana, pero ... Apenas uns políticos locais como **Independentes por Ferrol (IF) i EU-IU** que mantiveron unha postura inequívoca de rexeitamento e outros que por non seguir as instruccións partidistas tiveron que dimitir ou foron "dimitidos". A todos ó meu agradecemento pola súa postura honrada de servizo á cidade. Queremos citar en particular a figura do Xeneral D. José M. Gabeiras Montero pola súa firme posición de rexeitamento á planta de GNL e polo seu incondicional apoio ás asociacións de veciños da zona, nos últimos anos da súa vida.*


Iníciase de inmediato en Fall River unha forte actividade xurídica en contra desta decisión. O concello instrúe a un prestixioso bufete de avogados de Washington que "empapele" os pasos de aprobación desta planta mediante procesos xudiciais, poñendo a disposición deste bufete unha asignación de 650.000 dólares para este fin. As demais cidades da zona, indicadas no mapa e afectadas polo movemento dos gaseiros, seguen esta iniciativa e en días sucesivos ó 30 de xullo pasado, realízanse plenos especiais nos seus respectivos concellos aprobando aportacións económicas que se van sumando á xa coñecida de Fall River. *Tamén o concello de **Ferrol** inicia os procesos xurídicos de alegacións e contenciosos e que aínda seguen ó seu curso. Espero que a **política de feitos consumados** non furen o estado de dereito e se consiga poñer a planta no seu sitio. En España, esta política de feitos consumados parece moi común, pois incluso un alcalde da rexión se xactaba de isto dicindo **"non coñezo ningunha obra que unha vez iniciada fose parada, nin as murallas de China". ¡e é un alcalde dunha cidade importante!.***

Nestes momentos entra en escena a ***Naval Undersea Warfare Center*** de **New Port** sumándose ós esforzos que os políticos e personalidades dos estados de Rhode Island e Massachusetts están realizando en Washington para que se revise o proceso de aprobación, tendo en conta o impacto que a navegación dos gaseiros pode supoñer para a baía de Narragansett, para a operatividade da Mariña de Guerra e as consecuencias que para a cidadanía da baía podería ter un ataque terrorista a un dos gaseiros ou á planta. *Tamén en **Ferrol** se realizaron informes dende instancias da **Armada Española** e que transcenderon ós medios pero que, oficialmente, non foron nin confirmados nin comentados polos organismos de Defensa.*

Hoxe día 16 de setembro, a FERC informa que se abre un novo período de consultas sobre a planta de Fall River, en principio sen limitación de tempo, para analizar e valorar os últimos informes que se entregaron nese organismo en datas anteriores ó día da aprobación, tal como se le nun comunicado asinado polos senadores ***John F. Kerry*** e ***Edward M. Kennedy*** xunto cos representantes republicanos ***Barney Frank*** e ***James P. McGovern***. Se a revista ATENEA nos dá a oportunidade de poder informar, nalgunha edición posterior, sobre o resultado destas valoracións, farémolo encantados.

Este artigo quere resaltar o grao de involucración en temas sociais que teñen os políticos e ad-





O alcalde de Fall River Edward Lambert nunha das súas intervencións televisivas en contra da planta regasificadora.

ministradores de EE.UU. en comparación cos do noso país. Ademais alí en EE.UU. os rexeitamentos das plantas de GNL están diariamente referenciados nos medios de comunicación escritos e é destacable que das máis de 40 plantas solicitadas xa se cancelaron unhas 8 por presións das poboacións cercanas. Casos como Rhode Island, Harpswel, Vallejo, Eureka, Tijuana, etc. foron fortemente discutidas nestes medios. Aquí en España NON. O lector deducirá as razóns.

Tamén pretendemos con este artigo desenmascarar ós que nas estancias din con prepotencia e petulancia que os que se opoñen ás plantas de GNL son os de sempre, os inimigos do progreso, etc, etc., etc. En EE.UU. parece que non é así.

Conclusións:

1º) A planta de GNL de Providence foi rexeitada pola súa proximidade a poboacións agrupadas pois estaba a 1´5 km de distancia. A *de Ferrol está a 100 metros de Mehá, 500 metros de Mugardos e a 1 km de Ferrol.* Aquí non se teñen en conta as distancias, xa que a planta recibiu, en principio, a aprobación do goberno.

2º) O canal de acceso á ría de Providence ten 1.500 metros de ancho. *O de Ferrol ten 200 metros, onde o gaseiro pode chegar a cruzarse e travarse (atrancarse) no canal.* Aquí aprobouse sabendo que o gaseiro non pode entrar en calquera condición e menos saír en caso de emerxencia.

3º) Os profesionais de Protección Civil e bombeiros de Fall River e Providence non só informaron á poboación sobre os riscos destas plantas, o que é o seu deber, se non que se puxeron claramente en contra da ubicación das mesmas. *En Ferrol nin se viron.*


4º) Os políticos (demócratas e republicanos) e administradores das cidades de Fall River e Providence tiveron unha opinión unánime en contra das ubicacións propostas. *En Ferrol tamén, pero a favor, salvo honrosas excepcións.*

5º) A Armada dos EE.UU. opúxose contundentemente en contra destas ubicacións no interior da ría de Narragansett.

6º) Os medios de comunicación das zonas afectadas están xogando un papel moi eloxiable xa que nomearon a periodistas en exclusiva para atender o debate sobre as ubicacións. De feito, todos os datos que manexamos neste artigo recibímolos a través do servizo de "lectores" dos periódicos da zona de Narragansett e do servizo de "google alert". ¡Que diferenza de periodismo! Aquí en Ferrol, algún medio fixo o mesmo pero para informar sempre a favor da planta.

Organizacións consultadas:
http://www.borderpowerplants.org/
http://vallejocpr.org/lngarchive/
http://redwood.sierraclub.org/
http://www.greenpeace.org/
http://www.wildcalifornia.org/humboldtbay/LNG
http://lngwatch.com/

E os seguintes medios de comunicación:
http://www.gulf-times.com
http://www.forbes.com
http://www.lbreport.com
http://www.projo.com
http://www.presstelegram.com
http://www.dailyastorian.info
http://www.newportdailynews.com
http://www.heraldnews.com
http://www.boston.com
http://news.bostonherald.com
http://bizneworleans.com
http://www.al.com



ARTIGO

RECIMIL, REHABILITACIÓN OU RECONSTRUCIÓN, PERO SEMPRE RESPECTO

Creamos na utopía porque a realidade é incrible.

Aristóteles

por Juan J. Burgoa

A HISTORIA E A TOPONIMIA

A temperá existencia do casal de Reçemil –contemporáneo aos de Esteiro e Canido– vén avaliada desde tempos moi antigos polos textos de varios contratos de foro que recolle Enrique Cal Pardo na súa obra "El monasterio de San Salvador de Pedroso". Estes contratos, datados nos anos 1314, 1346 e 1428, adxudican diversas propiedades e herdades no devandito lugar a varios veciños da entón vila de Ferrol.

Nun traballo publicado por J.L. Camacho, M.A. Rodríguez e R.J. Santé no xornal "El Ideal Gallego" o día 10 de marzo de 1987, reprodúcese un portolano bastante detallado da ría de Ferrol, feito o ano 1498 polo piloto veneciano Andrea Corso, onde aparecen, ademais de tres establecementos templarios situados en Feroli (Ferrol), Santeirum (Chanteiro) e França (Franza) –sinalados na carta cunha cruz de forma patada, símbolo da devandita orde–, outros lugares da ría de Ferrol como é o caso de Recemill.


Máis adiante, segundo cita Montero Aróstegui na súa Historia de Ferrol, sendo Alcalde Maior da cidade José Benito Figueroa, no ano 1743 nomeáronse os pedáneos das aldeas de Canido, Campón e Recimil.

Tamén no ano 1752, a aldea de Recimil aparece no Catastro de Ensenada como un dos lugares do termo de Ferrol onde existen casas habitables.

Segundo a descrición que Alfredo Vigo fai do barrio de Esteiro na súa obra "Arquitectura y Urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII", o devandita aldea emprazábase na zona máis oriental da poboación, no lugar chamado de Recimil e preto da desaparecida capela de San Amaro –erixida o ano 1659– polo que na cartografía da época aparecen confundidos os diferentes nomes de Esteiro, Recimil e incluso San Amaro.

Por outra banda, para Margarita Sánchez, naquela época a zona ocupada polo pequeno monte de Esteiro tiña dúas partes ben diferenciadas, a situada na aba cara á ribeira, con moi poucas casas, e a parte máis interior, cara ó norte, que formaba o núcleo ou aldea de Recimil, onde máis tarde se construíu a pequena fonte de San Amaro, segundo escribe no seu traballo "La villa de Ferrol en la primera mitad del siglo XVIII", publicado en Estudios Mindonienses.

No que se refire á súa etimoloxía, o topónimo de Recemil aparece nunha lista de "Lugares Suevos o



Plan de Urbanización e Ensanche de Ferrol, onde aparece o barrio de Recimil. Obra do ano 1930 de Santiago Rey Pedreira.



Godos" do "Onomástico etimológico de la lengua gallega" do Pai Martín Sarmiento (Edición de José L. Pensado), xunto con outros finalizados en -mil, como Ardemil, Quindimil, Toymil ou Castromil. Precisamente o Pai Sarmiento, nas dúas viaxes que realizou a Galicia nos anos 1745 e 1754, anotou nos seus diarios o seu paso polo lugar de Recemil (tamén escribe Rezemill) antes de entrar na Madalena na súa visita a cidade de Ferrol desde o mosteiro do Couto.

A URBANIZACIÓN NO FRANQUISMO


A idea de urbanizar o que a principios do século XX era a aldea de Recimil, onde sinxelas vivendas alternaban con terras de labor, xurdiu no ano 1929 cando, sendo alcalde de Ferrol Antonio Usero, o concello convocou un concurso de ideas para a traza dun novo plan de ordenación urbana, que gañaría o arquitecto Santiago Rey Pedreira. Aínda que o proxecto inicial fose o de levantar 4000 vivendas, a Guerra Civil paralizaría esta construción.

En setembro do ano 1939 o concello ferrolán elevou ó entón recén creado Instituto Nacional da Vivenda unha petición para a urbanización de Recimil. O anteproxecto, elaborado por catro arquitectos do devandito Instituto, saíu a concurso público adxudicándose á constructora madrileña San Román por unha cantidade algo superior ós dezaseis millóns de pesetas. Desa maneira, nunha extensión algo maior de 130.000 metros cadrados, alzáronse "fóra de portas" da cidade, en terreos lindeiros coa chamada Porta Nova, un conxunto de case cento cincuenta bloques ou edificios con algo máis de mil vivendas, sendo as primeiras casas de protección oficial que se levantaron en España desde o final da Guerra Civil.

Trala compra dos terreos a preto dun centenar de propietarios, incluída unha ampla parcela pertencente ó Exército, o barrio comezou a se construír no ano 1940 e, tras unha serie de revisións e modificacións do proxecto, non quedou totalmente listo ata o ano 1954, aínda que as vivendas, que eran de titularidade municipal, fóronse ocupando segundo se remataban as correspondentes mazás. Na maioría dos casos adxudicáronse a inquilinos de escasos recursos económicos, aínda que se reservou unha parte significativa para funcionarios civís e militares. Dese xeito Recimil non foi en sentido estrito un barrio obreiro ó uso dos que naquelas datas se ían levantar no arredores das urbes.

O DESEÑO DO BARRIO

As coñecidas desde o primeiro momento como Casas Baratas, na xerga oficial Vivendas Protexidas ou barrio do Pilar e para moitos Recimil, constitúen un amplo parque de trama reticular, forma trapezoidal e aspecto cuarteleiro, formado por monótonos bloques de gran lonxitude de fachada, dispostos en paralelo e comunicados por lúgubres pasadizos e túneles, con casas de dous e tres andares e dimensións reducidas. A excepción constitúena os chamados "torreóns" con amplas vivendas (de ata nove habitacións), reservadas para familias numerosas, e unha longa mazá con fachada cara á praza de España, realzada dun xeito diferenciado con edificios pintados de branco, de ata seis plantas de altura, con tendas nos baixos e provistos de ascensores.


Maqueta da ponte, que non se chegou a construír, pola que discorría a Estrada de Castela.

A uniformidade do conxunto intentouse romper con algunha pequena praza, varias zonas con árbores, un mercado de abastos, un grupo escolar e a construción da anódina igrexa baixo a advocación de Nosa Señora do Pilar e San Fernando –doada polo Instituto Nacional da Vivenda e aberta ó culto no ano 1955–, todo iso conformando un barrio autosuficiente dentro das coordenadas autárquicas típicas daquela época. Sen embargo, non chegaría a levarse a cabo a ponte sobre a que discorrería a estrada de Castela, comunicando Recimil coa parte esquerda do Ensanche –previsto no racional proxecto de ampliación urbanística– feito por Rey Pedreira no ano 1930, o que contribuíu a un maior illamento do barrio do Pilar co resto da cidade, converténdose deste xeito na cara fea que de sempre amosou a entrada de Ferrol.


En liñas xerais, o amplo tamaño do barrio e a mala calidade dos materiais empregados, ademais da baixa renda pagada polo seu aluguer, foron os maiores inconvenientes para o seu mantemento integral e a causa da constante degradación das vivendas producida ante a pasividade dos sucesivos responsables municipais, aínda que no seu interior moitos veciños inverteron bastantes cartos no seu arranxo e mellora da habitabilidade. Por iso, a pesar do seu austero deseño, a devandita mala calidade urbanística e recentes problemas de convivencia, non deixa de amosar certas características de tranquilidade, amplitude de rúas e un axustado equipamento.

O PATRIMONIO CULTURAL

No ano 1991 o Diario Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG) publicou unha relación do Inventario do Patrimonio Cultural de todos os concellos galegos. De xeito concreto a lista correspondente ó Concello de Ferrol apareceu no Diario Oficial número 132 de data 11 de xullo do devandito ano 1991.

Como se pode comprobar ó consultaren o inventario relativo a Ferrol –e iso ocorre en maior ou menor medida con outros moitos concellos– trátase dunha relación desarranxada, nada rigorosa e chea de erros, na que incluso aparecen unha serie de obras e construcións desaparecidas anos atrás, incluso séculos, da data de elaboración da listaxe. Como exemplos dos incomprensibles erros que amosa, pódese comprobar a presenza no catálogo dunha inexistente Torre Antiga que foi demolida no ano 1826, a inclusión dun Arco de Triunfo levantado de maneira provisional no ano 1858 por mor da visita da raíña Isabel II ou unha serie de capelas xa desaparecidas como as de San Amaro, do Santo Cristo e do pazo da Mercé.

«A pesar do seu austero deseño, a mala calidade urbanística e recentes problemas de convivencia, non deixa de amosar certas características de tranquilidade, amplitude de rúas e un axustado equipamento».





Vista actual do barrio de Recimil.


Pola contra, inclúense no Inventario novos barrios enteiros como os do Ensanche, o das Casas Baratas e o do Polígono de Caranza, sen xustificación ningunha naqueles momentos, mentres outros elementos do noso patrimonio cultural, como foi o caso de notables exemplos do patrimonio industrial, non aparecen nesta lista. Precisamente a incomprensible inclusión do barrio de Recimil no seu conxunto como ben a protexer non fai máis que engadir dificultades para a pescuda dunha solución axeitada. Semella claro que o recurso contra a descatalogación do barrio de Recimil nestes momentos é unha cuestión que non se ten en pé, máxime cando vemos as recentes agresións contra o Patrimonio Cultural de Ferrol cometidas en dúas construcións do século XVIII, unha situada no barrio histórico e outra nun edificio militar do Arsenal, baixo a coartada da súa posterior utilización cultural.

AS OPINIÓNS SOBRE RECIMIL

A opinión máis importante das que se debe ter en conta en relación co futuro do barrio é a dos propios veciños do barrio e os seus intereses deben ser respectados no posible. Sen embargo, neste intre dúas asociacións veciñais defenden concepcións contrapostas con respecto ó futuro do barrio de Recimil. En liñas xerais, unha delas avoga polo mantemento e rehabilitación do mesmo mentres que a outra cre que a mellor solución consiste na súa total reconstrución.

Polo que se refire á opinión dos cidadáns de Ferrol en xeral está dividida, aínda que a única sondaxe que veu a luz pública outorga unha lixeira maioría ós que prefiren a súa reconstrución, mais matizando que se debe facer o maior número de vivendas de protección oficial, freando dese xeito as esaxeradas expectativas inmobiliarias derivadas do amplo espazo dispoñible e a crecente especulación que acompaña a estes procesos.

A opinión dos arquitectos tamén está dividida, aínda que moitos destes profesionais apostan pola súa rehabilitación por veren no barrio certas calidades do urbanismo hixienista, o seu limpo trazado e o racionalismo das edificacións, valores que por exemplo non teñen moitos dos "armatostes" levantados posteriormente en Ferrol, incluso en épocas actuais. En recentes datas pronunciouse na prensa o Colexio Oficial de Arquitectos de Ferrol por boca do seu presidente, manifestándose en contra do seu derrubamento e defendendo a súa rehabilitación integral.



Pinturas murais da igrexa do Pilar.

A SOLUCIÓN

Na errática e, ás veces, desacougante actuación da corporación municipal, dando paos de cego nos diferentes lugares públicos da cidade que afectan á habitabilidade e á calidade dos espazos de vida dos sufridos habitantes de Ferrol, despois da recente ameaza que sufriu a praza de Amboaxe coa posible construción dun aparcadoiro subterráneo, nos últimos tempos tocoulle a rolda ó barrio de Recimil, no que certos irredentos voceiros do Concello e algúns profetas da modernidade chaman "proxecto estrela" desta corporación.


No goteo das sucesivas informacións da prensa vénse a dar dispersas e contradictorias informacións en relación ó proxecto de Recimil. Unha vez que o pasado 28 de marzo a Xunta de Galicia descatalogou o barrio, foi presentado polo Concello un novo proxecto que amplía a uns 225.000 metros cadrados os 100.000 previstos inicialmente como aproveitamento do solo, cun aumento proporcional do terreo para equipamentos e zonas verdes.

A piques de rematar este traballo publica a prensa un proxecto de levantamento de doce bloques de pisos en Recimil, colocados en torno a dous paseos arboredos e roldando entre as 7 e 17 plantas, con duas torres desta última altura e cun total superior ás 2200 vivendas. O proxecto compleméntase con edificios para servizos, equipamento público e zonas verdes.

Precisamente dentro dese previsto equipamento para o barrio sería de interese considerar a construción dun axeitado e moderno centro comercial, de ocio e servizos, substituíndo ó obsoleto mercado anterior, evitando así o ata de agora perverso costume de instalalos nas aforas da poboación, negativa práctica que hoxe está a contribuír a arruinar os centros históricos e a colapsar as estradas dos arredores das cidades.

Unha opinión sustentada por moitos estudiosos do patrimonio e que se debería considerar para o barrio de Recimil, é a solución que xa foi ensaiada con éxito en parecidos referentes, caso do barrio dezaoitesco da Barceloneta na capital catalana. Trátase de conservar en pé unha pequena parte testemuñal da singular arquitectura do barrio como memoria patrimonial do mesmo para coñecemento das xeracións futuras, mentres se constrúe de novo o resto.

Por mor da importancia do tema, que ademais inclúe un relevante custe financeiro, semella claro que calquera das posibles solucións pasa por ter moi en conta o problema humano dos veciños, auténticos referentes do barrio e moitos deles con dereitos de titularidade reclamados perante a xustiza. Unha axeitada solución debe ter sempre en conta a fixación e o realoxamento da poboación, en especial da xente maior, no seu asentamento tradicional. Tampouco se debe esquecer que unha boa solución para o conxunto de Recimil, debe facerse en sintonía coa súa integración espacial cos barrios veciños e en coordinación coa remodelación prevista para a praza de España, pero vistos os antecedentes nun e outro caso non se pode ser optimista. Oxalá que o paraíso prometido non se converta nun purgatorio urbano.



Heráldica na comarca de Ferrol

algúns exemplos da súa evolución

por Fernando Dopico Blanco

Dende unha morea de anos atrás o autor deste traballo vén de realizar un sistemático e exhaustivo percorrido por casas, lugares, parroquias e concellos da comarca ferrolá, na procura e localización de vedrañas ou vetustas pedras armeiras que noutrora foron máis abundantes. O estudo heráldico, directamente ligado co xenealóxico nas súas bases documentais, ocupa a atención do autor, quen ten a intención de publicar en breve un espazoso traballo monográfico de catalogación e descrición onde se recollen máis de oitenta pezas localizadas ó longo destes anos –xunto coas pertinentes aportacións documentais recollidas en diversos arquivos– do que o presente artigo supón un avance.

Se cadra, convén comenzar por lembrar o feito de que en toda a Galicia histórica e comunidades veciñas atópanse linteis baixomedievais os cales, na súa meirande parte, obstentan ***símbolos***, ***figuras*** ou ***brasóns*** baixo unha morfoloxía que algúns autores reduciron a termos de ***protoheráldica*** pero que, ó ser coetáneos de diversas ***formulacións heráldicas plenas*** e de ***escudos de armas*** propiamente desenvolvidos, habería que conceptuar mellor como ***referentes paraheráldicos*** por canto utilizan ***símbolos*** ou ***brasóns***, aínda que de xeito libre. No que toca á nosa comarca, xa o arqueólogo e historiador Andrés Pena[1] fixou a súa mirada sobre algúns interesantes exemplares ***paraheráldicos*** que se conservaron na parroquia do Val, así como outros en Taboada (Mandiá) e Leixa; sobre os cales se ben, a interpretación de significado pode ser discutible, non o é o feito da proposta de datación no periodo da Baixa Idade Media.

A este, que podemos denominar extensamente como ***grupo paraheráldico***, pertence un exemplar inédito ata a data que descubrimos en Naraío[2] e agora publicamos. Trátase dun lintel baixomedieval con un ***pentagrama*** ou ***pentáculo***: estrela de cinco puntas (Fig. 2).

No tocante á interpretación do símbolo nesta pedra, coidamos que debemos poñelo en relación co emblema utilizado polos ***Templarios*** e coa cercana e primixenia ***bailía*** de San Sadurniño, na Idade Media en posesión desta orde[3].

Nestes prolegómenos, convén tamén acudir a unha apreciación xenérica no que se refire á morfoloxía dos ***escudos de armas*** nos séculos XIII, XIV e XV; aínda que esta apreciación poidamos e debamos suxeitala a matices. Baséase na alta presenza dun ***dimorfismo*** que, coas pertinentes excepcións, redúcese ós seguintes denominadores maioritarios:

a) ***Escudos redondeados na punta***.
b) ***Escudos apuntados***.

«En toda a Galicia histórica e comunidades veciñas atópanse linteis baixomedievais».




Fig 1. San Xiao de Mugardos: Lápidas de simboloxía mariñeira. Embarcación, rosa dos ventos e áncora






Fig 2. Naraío: Lintel con pentagrama.



Fig 3. Franza: Escudo coa banda dos Andrade.

A este último grupo pertence o pequeno escudo que atopamos[4] no soar que foi da antiga Torre de Boado, en Franza[5], o cal porta a consabida ***banda*** identificativa da prolífica liñaxe dos ***Andrade*** (Fig. 2).

Asimesmo, os exemplares desta época presidida polo ***dimorfismo*** soen presentar unha relativa sinxeleza na labra e a parca ou nula figuración de ***elementos exteriores ó campo do escudo: timbres, plumas, lambrequíns*** ...; perspectivas que podemos apreciar na foto deste escudo de Franza.

Este acendrado ***dimorfismo*** medieval vai rotando paulatinamente cara a un ***polimorfismo*** que xa apunta na segunda metade do século XV, e que para o pleno século XVI medrou en todo un compendio de innovadoras formas estéticas ás que hai que sumar a proliferación de novas ***armerías***, sen dúbida de formación anterior, que en moitas ocasións aparecen mesturadas ein reparar en ***particións***. A estas circunstancias débeselles engadir tamén o fenómeno da ***fusión de armerías*** que tivo lugar dende os séculos finais da Idade Media, fenómeno perfectamente estudado polo Dr. Eduardo Pardo de Guevara[6], quen demostra como a ***fórmula fusionada*** se descobre nas liñaxes que non accederon a unha influencia socio-política mínimamente relevante ata o século XVI. Pola nosa parte, facemos a observación obvia de que a proliferación das novas ***armerías*** e innovacións estéticas neste século son produto do paulatino cambio socio-político e cultural que se operou dende os tempos dos Reis Católicos.

Unha mostra dalgúns destes cambios vémola no mausoleo de ***Vasco de Chanteiro*** que se atopa na capela anexa á igrexa parroquial de Caamouco[7], dito fidalgo *sirvió a sus Çesáreas majestades los señores Reyes de España Felipe Primero y Don Carlos su hijo, emperador de realçado nonbre, y esto en el ofiçio de Maestre de Campo en los estados de Nápoles, Caserta, Verona y Pavía*, asimesmo semella que no mesmo oficio andivo polos *estados de Flandes y Guerra de Caserta*[8]. ***Vasco de Chanteiro*** finou no seu Pazo Vello de Curmá en Caamouco no ano 1527. O epitafio do seu sartego di:

«✠ este mone- -mento he de bas- / -co de chantey- -ro fynouse o a- / -no de [D]XXVII»

No medio do xácigo (ou sepultura) e da inscrición sitúase o ***escudo***, que carece de adornos exteriores, ***medio cortado e partido***. No ***primeiro cuartel*** apréciase unha ***torre***, común a varias liñaxes; o segundo amosa un ***tenreiro***, brasón asociado ós apelidos ***Serantes*** e ***Tenreiro***; o terceiro representa unha ***árbore resaltada dun can atado polo pescozo ó tronco da mesma***, brasón dos ***Piñeiro de Naraío*** (Fig. 4).

En concatenación directa co anterior, coidamos que debemos sinalar como dous anos despois do pasamento deste fidalgo finaba tamén o señor da Torre de Boado, ***Pedro de Sillobre*** († a. 1529), de quen tamén se conserva na igrexa de Santiago de Franza o seu monumento con inscrición e escudo de armas[9]. A semellanza morfolóxica, iconográfica e epigráfica de ambos túmulos fainos consideralos como probable obra da mesma man; tese reforzada pola cercanía espacial e cronolóxica, polo parentesco entre os dous fidalgos que comparten o mesmo cuartel alusivo ós ***Piñeiro de Naraío***, así como o feito derivado do casamento entre dous dos seus fillos chamados ***Pedro de Chanteiro de Gaioso*** e ***Constanza Sánchez***.

Outro exemplar de cara a mediados do século XVI atopámolo en San Salvador de Serantes[10], neste caso como botón central da nervadura na bóveda da pequena capela[11] ubicada nun extremo do actual cemiterio parroquial, e onde podemos contemplar as ***armas*** dos fundadores do morgado da ***Casa de Serantes***, que foron o matrimonio formado por ***Gómez Freire de Andrade***[12] e ***Beatriz de Serantes***[13]. O escudo, ***cuartelado en cruz***, presenta primeiramente a ***banda engolada en cabezas de dragantes*** polos ***Andrade***; o segundo cuartel recolle ***unha torre***, común a varias liñaxes; o terceiro ***un tenreiro pasante mirando á sinistra do escudo*** que é propio dos ***Serantes*** e dos ***Tenreiro***, moi ligados entre eles xa no século XV; e por último, o cuarto encerra no mesmo dous brasóns: as ***cinco lanzas colocadas en faixa coa punta cara ó xefe***, que son armas dos ***Lanzós***; e ***cinco roeles ou bezantes en aspa***, que resulta tentador preguntarnos se poderían ser unha curiosa variante dos ***seis roeles*** habituais dos ***Castro***[14] (Fig. 5).

No interior da mesma capela consérvase a lápida sepulcral de ***Afonso de Serantes***, cuxa inscrición nos conta que finou no ano 1430, co seu ***escudo de armas*** de clásica ***morfoloxía apuntada*** onde pregoa como único brasón un ***tenreiro*** que outros autores xulgaron cuadrúpedo, cabalo e, incluso, leopardo ..., pero que por moitos motivos non deixa lugar a dúbida na actual interpretación que



Fig 4. Caamouco: Mausoleo de Vasco de Chanteiro († a. 1527).





Fig 5. Serantes: Capela dos Serantes.


Fig 6. Sedes: Escudo no lugar do Cucheiro.

damos. Ademais se conserva tamén alí outra lápida do século XVIII dun descendente lateral desta liñaxe.

No lugar do Cucheiro, Sedes[15], atópase unha ***pedra armeira*** de forma cuadrangular ***cuartelada en cruz*** datable tamén no século XVI e en cercano paralelismo heráldico coa anteriormente sinalada en Serantes, xa que repite en diferente orde a meirande parte dos brasóns que vimos arriba: os ***Cinco roeles en aspa***, a ***banda engolada en cabezas de dragantes***, a ***torre*** e, por último, as ***cinco lanzas colocadas en faixa***; todo elo cunha ***bordura*** na que se inscribe a clásica letanía Mariana habitual na heráldica ***andradina***: *Ave Maria Gracia Plena Domino Tecum* ... (Fig. 6). Coidamos, por tanto, nunha probable vinculación entre o escudo da capela de Serantes e este de Sedes.

Amosamos de seguido a armería que polo ano 1591 obstentaba o capitán ***Lanzarote de Lago e Andrade***[16], señor do Pazo de Barallobre, a cal se atopa nunha parede lateral no interior da igrexa parroquial de Santiago[17] e que, por sorte, conserva tamén os ***esmaltes*** de cada brasón. Estas mesmas armas son as labradas no escudo mal reubicado[18] no patio do Instituto "O Pazo" de Barallobre[19], e tamén noutras dúas sepulturas no altar maior da citada igrexa.

Nesta mesma igrexa, sobre a parede fronte ó escudo podemos ler a inscrición:

GLOSARIO DE TERMOS

Armado/-a: Guerreiro ou brazo cuberto de armadura.

Armas: Brasón ou conxunto heráldico de brasóns.

Armería: Conxunto heráldico de brasóns.

Axadrezado: Conxunto de *escaques*.

Bailía: Territorio baixo o dominio dunha orde militar.

Banda: Peza heráldica que atravesa do ángulo superior destro ó sinistro do escudo.

Bezante: Peza rendonda e plana, sempre de metal.

Bordura: Peza que rodea o campo do escudo polo seu interior.

Brasón: Cada figura ou peza, ou conxunción destas, que forma por si mesma un conxunto simple para representar un apelido ou unha liñaxe.

Campo: Referido ó escudo, o que queda dentro e delimitado polo seu contorno.

Cargada/-o: Peza ou moble que ten outra enriba sen saír do seu contorno.

Contorno: Borde exterior que delimita morfoloxicamente ó escudo.

Cortado/-a: Cuartel: Cada unha das partes que resultan de dividir un escudo por particións e reparticións.

Cuartelado/-a: Repartición do escudo.

Destra/-o: Dereita no vocabulario heráldico. Ó escudo atribúenselle a dereita e a esquerda como se fose unha persoa que nos mira. Polo cal, a *destra* dun escudo e a esquerda segundo o miramos.

Dragante: Figura heráldica. Dragón ou serpe.

Engolada: Peza cuios extremos entran dentro da boca dun dragón ou animal.

Escaques: Cadriños a xeito de taboleiro de xadrez..

Esmalte: Pintura que recobre o campo dun escudo, pezas o mobles. Os esmaltes divídense en dous grupos xenéricos: metais e cores.

Faixa: Peza heráldica que ocupa a totalidade do centro do escudo en forma horizontal. Tamén se di dun xeito específico de colocación ou posición de *figuras* no escudo.

Flanco: Lado do escudo.

Heráldica: Ciencia que estudia os brasóns e seus conxuntos. Tamén se aplica como substantivo coa significación de relativo ós brasóns.

Labra: Escudo ou brasón.

Lambrequíns: Ornamento exterior do escudo. Consiste nuns farrapos ou follas de forma caprichosa que baixan polos laterais do escudo dende o casco.

Pasante: Dise dos cuadrúpedos en postura de andar.

Partición: División do escudo en partes.

Partido: Partición. Escudo dividido en dúas partes por unha liña vertical.

Punta: Parte inferior do escudo.

Resaltado/a: Peza ou figura que se pon sobre outra, sen quedar dentro da mesma.

Roel/roeles: Peza de forma redonda, sempre de cor.


Sinistra/-o: Esquerda no vocabulario heráldico. Ó escudo atribúenselle a dereita e a esquerda como se fose unha persoa que nos mira. Polo cal, a *sinistra* dun escudo e a dereita segundo o miramos.

Sumado/-a: Figura que ten outra xunguida enriba.

Surmontado/-a: Figura que ten outra por riba, pero que non chegan a tocarse.

Timbre: Adorno exterior do escudo que pode ser: Casco ou coroa.

Xefe: Parte superior do escudo.



«ESTAS ARMAS I CAPILLA / CON LA PRESENTAÇION / DEL BENEFIÇIO SON DEL / CAPITAN D. LAÇARO Ð LA- / -GO I ANDRADE I DEL SUÇESOR / EN EL PAZO DE BARALLOBRE ANº 1591».




Fig 7. Barallobre: Armas do capitán Lanzarote de Lago e Andrade (a. 1591).

Timbrado de casco de cabaleiro con penacho, o escudo de ***Lanzarote de Lago*** preséntase sobre unha ***cartela*** de forma rectangular, bordeada por unha decoración con tacos da que sobresaen timidamente uns extremos ***flordelisados***[20] á altura do ***xefe***, ***punta*** e ***flancos***. Posúe oito ***particións*** distribuídas en ***tres***, ***tres*** e ***dous***: Primeiramente a ***banda engolada en cabeza de dragantes*** dos ***Andrade***, seguida da ***'M' coroada*** dos ***Montenegro*** e un profuso ***axadrezado*** de cinco ordes. En segunda instancia sitúanse os dous brasóns usuais dos ***Lago***: ***unha torre sumada dunha figura humana armada empuñando unha espada na man dereita***, seguida de ***tres flores de lis mal ordenadas***; a sexta partición componse de ***tres teas*** ou ***fachos ardentes colocados en faixa*** que son, tamén polo de agora, de difícil afiliación. Por último, pechan este conxunto heráldico os ***tres bastos cruzados retamados e o can***, clásico ***brasón*** dos descendentes da ***Casa de Mandiá***; e as ***cinco lanzas*** dos ***Lanzós*** (Fig. 7).

Importantes autores e tratadistas consideran que entre os séculos XVI-XVII a heráldica entrou nunha dinámica de decadencia e incluso de corrupción. En Ferrol a forte presenza do estilo neoclásico na arquitectura e na arte chegou tamén ás ***armerías*** e ás ***labras*** da segunda metade do século XVIII. Como mostra para esta época expoñemos a proporcionada e belida pedra armeira que presidiu o xa desaparecido ***Pazo da Mercede***[21] ou ***Casa dos Bermúdez***, no barrio de Ferrol Vello, pedra que na actualidade se conserva no xardín dun caserón propiedade dos ***Condes de Fontao*** en Otero de Herreros, Segovia. Este escudo é xemelgo do que afortunadamente segue hoxe a campar na fachada do ***Pazo do Monte***[22], en Santa Icía de Trasancos[23], que xa temos publicado e descrito noutras ocasións. Un exemplar moi cercano en labra, aínda que máis pequeno e con dous cuarteis menos, é o da igrexa vella de Santa Icía[24], no que se repiten as mesmas alusións heráldicas á liñaxe e Casa dos ***Bermúdez de Mandiá***.



Fig 8. Pedra armeira do antigo Pazo da Mercede (Ferrol), s. XVIII.

Coidamos que se pode falar dun estilo italianizante na morfoloxía deste exemplar, ***timbrado de coroa ducal*** por privilexios da Casa e con ornamentación exterior formada por grilandas e palmas de vitoria. ***Partido dunha liña e cortado de dúas***, abre o conxunto o ***axadrezado de tres ordes*** polos ***Bermúdez***; seguido dos ***tres bastos cruzados e o can*** da *Casa* de ***Mandiá***; a ***torre*** dos ***Pardiñas***; o ***brazo armado esgrimindo un pendón*** polos ***Villardefrancos***; a ***cruz cargada de cinco vieiras*** dos ***Ribadeneira***; e por último o ***año surmontado dun bolo*** polos ***Bolaño*** (Fig. 8).




Fig 9. Mugardos: Escudo policromado sobre madeira do antigo Pazo de Obaño, s. XIX.

Para rematar este artigo facemos un brevísimo achegamento a unha curiosa e complexa ***composición heráldica policromada*** sobre madeira procedente do que foi ***Pazo de Obaño***, Mugardos, que data do século XIX e agora se atopa na vella igrexa de San Xiao do mesmo concello. ***Timbrado de coroa de marqués*** e sobre unha ***cartela***, este escudo de clásica morfoloxía decimonónica componse de vintedous brasóns entre os que vemos os correspondentes ós: ***Andrade***, ***García***, ***Montenegro***, ***Piñeiro de Naraío*** ...; sobresaíndo do ***contorno do escudo*** os extremos dunha ***cruz santiaguista*** (Fig. 9).

Pechamos estas notas na confianza de poder ofrecer prontamente unha maior e máis detallada información sobre a heráldica na comarca de Ferrol, nas vedrañas terras de Trasancos e Bezoucos, berce de antigas, históricas e lendarias liñaxes.

Ferrol, 2005 ⌘




Notas ao pé

1 PENA GRAÑA, Andrés. *Narón, un concello con historia de seu* (vol. II, Idade Media); Narón, 1991.
2 Santa María de Naraío, no concello de San Sadurniño.
3 Sobre a pertenza templaria da antiga bailía de San Sadurniño: PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos. *Os Templarios: Artigos e ensaios*; edit. Toxosoutos, Noia, 2000. Tamén, do mesmo historiador. *"Dúas Encomendas Templarias descoñecidas: Lendo e San Sadurniño"*; en *Anuario Brigantino* nº. 23, Betanzos, 2000.
4 En xustiza debemos clarexar que foi o musicólogo eumés Xosé PAZ FERNÁNDEZ quen publicou unha primeira fotografía deste escudo no seu libro: *Nas beiras do Eume*; Pontedeume, 1998. Posteriormente coñecimos á familia que actualmente posúe o lugar de Boado, parentes de Xosé Paz, os que tiveron a amabilidade de deixarnos fotografar esta labra, a cal se atopa encaixada ... ¡no interior dun antigo forno!.
5 Santiago de Franza, no concello de Mugardos.
6 PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo. *Palos, Fajas y Jaqueles: La fusión de armerías en Galicia durante los siglos XIII al XVI*; Deputación Provincial de Lugo, 1996.
7 San Vicenzo de Caamouco, no concello de Ares.
8 ARG: R. A., Pleitos. 7661/7.
9 Sobre este persoeiro e o seu túmulo: DOPICO BLANCO, Fernando. *"O cabaleiro xacente de Franza"*; en *Crónica de Ferrolterra* nº. 5, Ferrol, outubro de 1993.
10 San Salvador de Serantes, no concello de Ferrol.
11 Sobre a capela de Serantes, primeiras descricións e análise heráldica: IGLESIA, Santiago de La. *"Ferrol arqueológico"*; en *Anuario Ferrolano para 1902*, Ferrol, 1901. Tamén o artigo que atribuímos a SARALEGUI Y MEDINA, Leandro de. *"Epigrafía ferrolana"*; en *Almanaque de Ferrol para... 1906*, Ferrol, 1905.
12 Alcalde de Ferrol e un dos fillos do I señor de San Sadurniño, Fernando de Andrade.
13 Señora da Casa de Serantes e filla do fidalgo Xoán de Serantes.
14 O brasón habitual dos Castro consta de seis *roeles*.
15 San Estevo de Sedes, no concello de Narón.
16 Fillo herdeiro de Fernando de Lago, descendente dos Lago da Casa de Obaño (Mugardos), e de María Freire de Andrade, descendente da liñaxe dos Mandiá. Os pais de Lanzarote de Lago semellan ser os primeiros fundadores do Pazo de Barallobre.
17 Santiago de Barallobre, no concello de Fene.
18 Por canto, colocárono ó reves.
19 O instituto ocupa o soar do antigo pazo, derrubado a comenzos dos anos 80 no pasado século.
20 Podería tratarse dos extremos dunha cruz alusiva a algunha orde militar, pero preferimos a cautela antes de aseveralo sen documentación.
21 Sobre este pazo: DOPICO BLANCO, Fernando. *"O pazo de Ferrol Vello ..."*; en *La Voz de Galicia* (ed. de Ferrol), 05/01/1995.
22 Sobre este pazo: DOPICO BLANCO, Fernando. *«Un complexo pacego rural ferrolán»*; en *Ferrolanalisis* nº. 11, Ferrol, 1997.
23 Santa Icía de Trasancos, no concello de Ferrol. Realmente o Pazo do Monte está dentro da demarcación parroquial de Santa Icía, lindando coa freguesía anexa de San Pedro de Leixa, tamén en Ferrol.
24 A que hoxe se nomea como igrexa vella de Santa Icía de Trasancos rematouse de edificar no ano 1771 baixo o padroado de D. Xosé María Bermúdez de Mandiá e Pardiñas Villardefrancos, VIII Señor xurisdicional de Xuvia, Caranza e Santa Icía deTrasancos.

«A pedra armeira que presidiu o xa desaparecido *Pazo da Mercede*[21] ou *Casa dos Bermúdez*, no barrio de Ferrol Vello, na actualidade se conserva no xardín dun caserón Otero de Herreros, Segovia».



ARTIGO



O FUTURO ENERXÉTICO DE GALICIA

O FUTURO ENERXÉTICO DE GALICIA

Por Manuel A. Domingues

Manuel A. Domingues é profesor da UDC, membro da Border Power Plant WG (California)

Os recentes problemas xurdidos no subministro de enerxía eléctrica, que se concretaron en cortes de fluído eléctrico nas comunidades autónomas de Madrid e Valencia, requiren clarificar algúns conceptos que axuden a entender esta problemática.

A información proporcionada polos medios de comunicación indica que a forte demanda de enerxía eléctrica é a causante dos cortes de subministro. Esta consideración, aínda que en parte certa, conduce xeralmente a interpretacións erróneas xa que dá a impresión de que as nosas centrais eléctricas non poden subministrar a enerxía que se solicita neses días de consumo "punta" e por isto parece vital a construción inmediata de máis centrais termoeléctricas e entre elas as de ciclo combinado a gas (CTCC) das Pontes e Sabón. Sen embargo, a potencia instalada en España é de aproximadamente 60.000 megavatios e os cortes de fluído rexistranse cando a demanda de potencia está ó redor dos 40.000 megavatios.

Isto explícase porque a "capacidade" do sistema eléctrico español non só se mide en termos de enerxía ou de potencia instalada. É necesario falar da cantidade de "enerxía" que se pode transferir nunha parte do sistema eléctrico sen que se modifique o valor da tensión. Esta cantidade de enerxía está limitada pola intensidade da corrente eléctrica nesa parte. Canta máis enerxía se solicite maior é a corrente necesaria para transportala. ¿Por que? Porque parte da energía se perde de diferentes maneiras e máis canto máis deficiente sexa o sistema. Pérdese nos centros de transformación, polo quentamento das liñas (resistencia dos conductores), pola excesiva distancia entre o produtor de enerxía (central eléctrica) e o consumidor, etc.

Un símil moi útil para ilustrar este concepto de "eficiencia eléctrica" é o dun tubo que canaliza a auga procedente dun río e que se utiliza para mover un muíño. Se a auga (fai aquí o papel de enerxía) non contén residuos, alcánzase o nivel óptimo de utilización no muíño. Sen embargo, cantos máis residuos (ineficiencias) haxa, menos auga (enerxía) se pode canalizar polo tubo e polo tanto menos enerxía se dispón no muíño, a pesar de que no río hai auga suficiente. Se forzasemos a circular máis auga polo tubo, acumulariamos proporcionalmente máis residuos e poderíase incluso romper o tubo por exceso de presión.

Galicia é a comunidade de España que máis enerxía produce en relación coas súas necesidades, pois exporta case a metade da enerxía eléctrica que produce.

Galicia é a comunidade de España que máis enerxía produce en relación coas súas necesidades, pois exporta case a metade da enerxía eléctrica que produce. Este exceso de produción y tradúcese en ineficiencias do sistema eléctrico xa que debemos enviar esta enerxía a outras comunidades afastadas como son as do Mediterráneo, Madrid, Andalucía, País Vasco, etc. provocando unhas perdas irracionais de enerxía e que segundo Unesa se chegaron a alcanzar perdas implícitas no sistema eléctrico por encima do 10%. Como a producción de enerxía mediante combustibles fósiles contamina, o resultado deste exceso de produción eléctrica en Galicia, tradúcese en que a nosa comunidade é o *patio sucio* de España. Até o Partido Popular expuxo requirir ó goberno central unha *"compensación económica por ser unha comunidade exportadora de enerxía e ter que asumir uns altos custes medioambientais"* (*La Opinión*, 9 maio 2004).

Algúns políticos insinúan que dispor de enerxía en exceso atrae a novas empresas á comunidade, pero non teñen razón pois, por exemplo, Madrid só produce o 6% da enerxía que necesita e é unha das comunidades que máis empresas novas capta do noso país. Outros pretenden que as comunidades afastadas das zonas produtoras de enerxía paguen un valor superior pola electricidade, para que Galicia teña unha vantaxe comparativa. Isto último é un disparate técnico-económico.

A ineficiencia do sistema eléctrico español é ben coñecida e non desexada polas empresas eléctricas, de feito estas empresas están sendo un pouco reluctantes a instalar as centrais termoeléctricas de ciclo combinado (CTCC) na nosa comunidade, tal como se comenta no sector eléctrico.

Non ten sentido, neste momento, instalar centrais térmicas a gas na nosa comunidade e menos ó custe actual do gas natural no mercado internacional e ó feito de que as centrais de carbón existentes en Galicia xa están amortizadas e en perfecto estado de funcionamento xa que, como todos sabemos, se están modificando as súas caldeiras de vapor para queimar un carbón de maior poder calorífico, menos contaminante e moito máis barato que o gas natural. Menos sentido ten xustificar a necesidade urxente da planta regasificadora de Mugardos para asegurar o subministro de gas a estas plantas de ciclo combinado. Ademais segundo se cita no sector das ter-



moeléctricas unha central de ciclo combinado é rendible se o custe do gas é inferior a 4 $/Mbtu, e na actualidade estase comprando case ó dobre deste valor (nestas datas alcanzou a cifra de 12 $/Mbtu, por efecto do furacán Katrina).

Tampouco é razoable producir máis enerxía eléctrica en Galicia mediante recursos enerxéticos importados (gas natural licuado) para logo exportala a zonas deficitarias de enerxía eléctrica (todas elas en lugares moi distantes de Galicia segundo citei anteriormente) e onde existen gasoductos importantes de gas natural (máis un novo proxectado dende Orán-Arxelia até Almería, de nome MedGas). Debemos pensar que, o gas subministrado polos gasoductos tense que consumir na súa totalidade pois do contrario se pagaría igual a cantidade contratada aínda que non se consumira, tal como é característico neste mercado.


Algúns medios de comunicación difunden de forma reiterada a mensaxe de que as plantas termoeléctricas de ciclo combinado a gas natural son xeradoras de enerxía "limpa" e ademais son as preferidas polas asociacións ecoloxistas. Esta mensaxe é falaz na súa totalidade e foi "creado e difundido" polas empresas gasistas nas súas páxinas web e a través dos medios de comunicación pagando boletíns extraordinarios como é o caso de "ENERXÍA de FUTURO" publicado fai catro anos e en exclusiva na nosa cidade, por algúns periódicos da provincia.


O gas natural é fundamentalmente METANO e este gas, de orixe fósil, produce na súa combustión menos contaminantes que os productos derivados do petróleo (entre un 40 a un 45 por cento), polo tanto é máis limpo que o carbón e o petróleo, e por esta circunstancia se cataloga como de combustión "máis limpa". O que non informan as empresas gasistas é que en toda a cadea do gas (dende os pozos de extracción até as plantas termoeléctricas) despréndese gas metano á atmosfera producindo un impacto no quentamento do planeta superior ós gases da combustión xa que estas fugas de metano provocan un efecto 21 veces superior ó CO_2 en cantidade equivalente. Ademais para dispor de Gas Natural Licuado na nosa comunidade é preciso consumir enerxía adicional (que produce CO2) para os procesos de licuefacción e regasificación, tarefas non necesarias no caso de queimar carbón ou fuel. Polo tanto podemos dicir que non todo o monte é ourego. Nesta tarefa informativa manipuladora das empresas gasistas chégase incluso a dicir, por algunha delas, que o gas natural NON produce dióxido de carbono na combustión. Supoñemos que este erro detectado nunha regasificadora da zona xustifícase polo excesivo "celo informativo" do comunicador.

Difúndese tamén o concepto de que as termoeléctricas de ciclo combinado teñen mellor rendemento que as de carbón. É certo. O que non é certo son as cifras que manexan. Soen comparar rendementos de plantas modernas a gas coas vellas plantas a carbón dos anos 70. Tampouco falan das plantas modernas a carbón con instalacións de captación de dióxido de carbono para reducir as emisións deste gas á atmosfera, tal como se están experimentando en Australia, Canadá e EE.UU... Non interesa ós gasistas. O carbón seguirá utilizándose no futuro pois existen máis reservas no mundo que a suma das do petróleo e gas unidas.

O paradoxal é que, tanto as empresas eléctricas como o goberno, nos están preparados para unha subida gradual da factura de electricidade baseándose en dúas razóns básicas: a primeira trátase de penalizar ós consumidores que máis enerxía eléctrica "malgasten" (cando son eles os máis incumpridores, tal como indiquei máis arriba). A segunda razón é que queren "aplicar" ós consumidores o custe "real" da produción da enerxía. ¿Por que? Pois –ó meu entender– estaos "penalizando" economicamente a produción de electricidade nas novas termoeléctricas de ciclo combinado, recentemente instaladas de forma masiva no sur e levante español, debido ó elevado custe do gas natural.

«O carbón seguirá utilizándose no futuro pois existen máis reservas no mundo que a suma das do petróleo e gas unidas».





Se o sector se liberaliza na súa totalidade, é dicir tanto a produción como a distribución da enerxía eléctrica, Galicia recibirá un varapao moi importante xa que os custes de distribución son moi altos na nosa comunidade debido á diseminación da poboación en zonas peri urbanas e rurais. Debemos pensar que aproximadamente a metade de todas as vilas de España atópanse ubicadas na nosa comunidade. Por esta razón, a distribución de enerxía eléctrica en Galicia tería, segundo se recolle en artigos periodísticos, un custe de distribución superior incluso ó 100% que o resto de España. Cando se apliquen estas tarifas "reais" ninguén se vai lembrar do custe, en termos de contaminación medio ambiental, que tivo que soportar Galicia. Non esquezamos que en Galicia os cortes de enerxía eléctrica son moi correntes, sobre todo en verán debido á mala calidade das redes de distribución, ó aumento do consumo polo turismo, as festas patronais e ás exportacións de enerxía eléctrica ó mediterráneo.

De acordo co anteriormente exposto, só cabe entender que a decisión de instalar máis plantas termoeléctricas en Galicia é de tipo político e non por valoracións técnico-económicas. Persoalmente, preocúpame a obstinación dalgúns políticos por instalar novas centrais termoeléctricas e non empreguen o mesmo afán en esixir mellores redes e calidade de subministro para a comunidade galega.

Esta mesma forma de actuación estase rexistrando en Baixa California (México) xa que as empresas eléctricas dos EE.UU. están utilizando os mesmos argumentos que en Ferrol (postos de traballo, enerxía limpa, mellorar a competitividade, etc.) para ubicar ó outro lado da fronteira, ou sexa, en México, as súas termoeléctricas e regasificadoras (onde as normativas medioambientais son máis permisivas), para logo trasladar as súas produccóns ós estados fronteirizos de California e Arizona. Asociacións de enxeñeiros e avogados medioambientalistas como Border Power Plant WG, RACE, Greenpeace (México), etc. están levando unha campaña de sensibilización exemplar con resultados moi positivos xa que algúns destes proxectos se cancelaron ou paralizaron.

Para un mellor desenvolvemento sostible polo uso das plantas termoeléctricas deberiamos conseguir: 1°) Reducir ó máximo as emisións de partículas á atmosfera. 2ª) Afastar estas plantas de núcleos poboados. 3°) Refrixeración en circuíto pechado. 4°) Cero descargas de auga non tratada. En canto ás plantas de regasificación de gas natural licuado sería conveniente instalalas en alta mar e PROHIBIR a regasificación do GNL mediante auga de mar.

O futuro enerxético de Galicia debería estar baseado nunha racionalización dos recursos actuais, utilización e potenciación das enerxías renovables, no aforro enerxético e mellora das redes de distribución. Este desenvolvemento enerxético que se pretende aplicar en Galicia con máis produción de enerxía eléctrica mediante ciclos combinados, tal como se está demandando por algúns políticos e personaxes do mundo empresarial, é irracional xa que se agudiza o problema da distribución de enerxía eléctrica, increméntase a ineficiencia do sistema por perdas de enerxía e todo isto sen obter nada a cambio.

Fontes consultadas:

Comisión Nacional da Enerxía (CNE)

UNESA

Arquivos propios.

www.borderpowerplants.org

SOLIDARIEDADE FEMINISTA

17 DE OUTUBRO DE 2005 AS MULLERES EN MOVEMENTO CAMBIAN O MUNDO

¡O 17 de outubro será unha data de suma importancia Empecen a mobilizarse dende agora!

O relevo mundial da **Marcha Mundial das Mulleres** está, dende o 8 de marzo de 2005, dándolle a volta ó mundo e o próximo 17 de outubro chegará ó seu destino final en Burkina Faso logo de ter atravesado máis de 50 países. Ese mesmo día, con motivo das 24 horas de solidariedade mundial feminista, as mulleres do mundo vincularanse, grazas a unha cadea de accións, seguindo o percorrido do sol.

A *Carta mundial das mulleres para a humanidade* describe o mundo que queremos construír como mulleres. Promove cinco valores: igualdade, liberdade, solidariedade, xustiza e paz. A Carta, acompañada dunha manta na que quedan plasmados, sobre tea, os valores contidos na Carta, percorreu o mundo co relevo. Tanto a Carta como a manta son unha creación colectiva, visto que as mulleres participaron na redacción da Carta e confeccionaron os cadrados de tea que foron creando a manta no transcurso da viaxe. A todo ó longo da viaxe, as mulleres organizaron accións variadas en grandes cidades, en zonas rurais e en rexións fronteirizas.

O 17 de outubro representa só un paro no camiño para recuperar o noso alento antes de retomar a marcha, porque mentres existan iniquidades e inxustizas seguiremos loitando.

A Marcha Mundial das Mulleres é unha rede global para a acción feminista, apoiada por case que 6000 grupos de mulleres en 163 países e territorios ó redor do planeta, cuxo enfoque principal é a loita contra a pobreza e a violencia cara ás mulleres. A Marcha Mundial das Mulleres é un movemento permanente que se cristaliza coas accións realizadas polos grupos de base e as Coordinacións Nacionais. Somos parte dun gran movemento que loita por outra mundialización. Participamos na loita contra a OMC e contra o poder das multinacionais, contra os acordos de libre comercio e pola eliminación da débeda dos países pobres. Queremos cambiar a orde establecida para cambiar a vida das mulleres. Por iso elaboramos alternativas económicas feministas e loitamos contra a comercialización da vida. Traballamos para eliminar a

¡A MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES É UN MOVEMENTO IRREVERSIBLE!

¡O PRÓXIMO 17 DE OUTUBRO ORGANICEN ACCIÓNS DA MMM NA SÚA COMUNIDADE!

24 HORAS DE SOLIDARIEDADE FEMINISTA

17 DE OUTUBRO DE 2005, PARTICIPEN NAS 24 HORAS DE SOLIDARIEDADE FEMINISTA



violencia sexista e para construír un mundo de paz, de xustiza e de igualdade. Denunciamos a explotación laboral das mulleres e a trata de mulleres e nenas. Loitamos contra a guerra e pola desmilitarización do planeta. Esiximos que os gobernos, as institucións internacionais e a sociedade civil actúen de maneira a previr e combater a violencia sexual en situacións de conflictos armados. Loitamos por obter servizos de saúde pública, por unha seguridade alimentaria, unha alza do salario mínimo, por un salario xusto; para que as mulleres teñan o dereito de decidir do seu propio corpo, a súa sexualidade e a súa fecundidade; para que todas as nenas teñan acceso á educación; para que as mulleres participen nos gobernos; por unha redistribución das riquezas, a defensa dos recursos naturais como a auga e o gas.

«O 17 de outubro, nalgúns lugares repicarán todas as campás».

O 17 de outubro de 2005, ás 12 horas, en todos os meridianos do planeta, sairemos ás rúas para mostrar a nosa adhesión á Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade e ós seus valores: igualdade, liberdade, solidariedade, xustiza, paz.

O relevo empezará polas illas do Pacífico (Nova Caledonia, Samoa, etc.), seguirá por Asia, Medio-Oriente, África e Europa simultaneamente, e por fin terá lugar nas Américas. Invitamos a todos os grupos de mulleres a unirse a nós.

Todas as formas de acción son válidas para esixir un mundo sen pobreza, sen violencia, sen discriminación e globalizar a nosa solidariedade.

A consigna é que as accións sexan sinxelas, positivas, que nos vinculemos as unhas coas outras para demostrar que as mulleres estamos unidas, con todas as nosas similitudes e as nosas diferenzas.

O 17 de outubro, nalgúns lugares repicarán todas as campás e soarán as alarmas das cidades e pobos para alertar a poboación de que as mulleres se mobilizan no mundo enteiro para defender con firmeza os valores da Carta. Noutros lugares estanse organizando vixilias ou accións nas que as mulleres se tomarán da man creando vínculos de solidariedade.

¡Escríbannos para recibir máis informacións ou para comunicarnos a forma que tomarán as súas accións do 17 de outubro, ó correo seguinte: 24hrs2005@gmail.com



11 de septiembre 1973
11 de septiembre 2005

A ALLENDE

Para matar al hombre de la paz
para golpear su frente limpia de pesadillas
tuvieron que convertirse en pesadilla
para vencer al hombre de la paz
tuvieron que congregar todos los odios
y además los aviones y los tanques
para batir al hombre de la paz
tuvieron que bombardearlo hacerlo llama
porque el hombre de la paz era una fortaleza

para matar al hombre de la paz
tuvieron que desatar la guerra turbia
para vencer al hombre de la paz
y acallar su voz modesta y taladrante
tuvieron que empujar el terror hasta el abismo
y matar más para seguir matando
para batir al hombre de la paz
tuvieron que asesinarlo muchas veces
porque el hombre de la paz era una fortaleza

para matar al hombre de la paz
tuvieron que imaginar que era una tropa
una armada una hueste una brigada
tuvieron que creer que era otro ejército
pero el hombre de la paz era tan sólo un pueblo
y tenía en sus manos un fusil y un mandato
y eran necesarios más tanques más rencores
más bombas más aviones más oprobios
porque el hombre de la paz era una fortaleza

para matar al hombre de la paz
para golpear su frente limpia de pesadillas
tuvieron que convertirse en pesadilla
para vencer al hombre de la paz
tuvieron que afiliarse para siempre a la muerte
matar y matar más para seguir matando
y condenarse a la blindada soledad
para matar al hombre que era un pueblo
tuvieron que quedarse sin el pueblo.

Mario Benedetti

PANXOLIÑAS

Homes bravos de Cedeira
camiñando todos xuntos
ata o Portal de Belén,
formando doce conxunto,
garimosiños levaron
peixe fresco seica vivo...
o Neno Xesús botaba
as redes do seu sonriso.

ESTRIBILLO
Unha barquita de vela
botou o Neno Xesús.
Os paus que leva a barquiña
teñen xa forma de cruz.

Chora a gaita feiticeira
do ver ó Neno tristeiro
carón do berce bendito...
¡Tamén chora o mariñeiro!
As ondas do mar llegaron
ata o Portal de Belén
e por no mollar o Neno
brincaban por diante del.

ESTRIBILLO
Unha barquita de vela
botou o Neno Xesús.
Os paus que leva a barquiña
teñen xa forma de cruz.

A noite que naceu o Neno
o mar cambeó de sabor:
tornouse nunha mar doce
por gabar ó Salvador.
Postrados os mariñeiros
louvaron o seu Señor.
Piropearon a Raiña,
Nosa Señora do Mar

¡con moitísimo fervor!

Maruxa Orxales

O PARNASO



O PRESENTIMENTO de abraio enfeitiza
ca lucidez do difícil e valioso
que transporta e transforma
o descubrimento de temeridade.
Da nota inquietante que chega
ferindo a chuvia do ritmo;
o movemento erótico do pulso
que dictamina a perda da razón, trema.

Lionel Hampton concreta a realidade
ca dozura do asombro calculado.

MOSTRAR o control do virtuosismo
nun movemento improvisado,
de espacios alongados
e de soaves imaxes
no camiño da mística ancestral,
é electrizar a simple capacidade
do delirio
deixando testemuña do impenetrable.

Porque o feitizo do prodixio
permanece en Sidney Bechet
ata o extremo da tolemia.





EL presentimiento del asombro, hechiza
con la lucidez de lo difícil y valioso
que transporta y transforma
con el descubrimiento de la temeridad.
De la nota impactante que llega
hiriendo la lluvia del ritmo.
El movimiento erótico del pulso
que dictamina la pérdida de la razón, tiembla.

Lionel Hampton concentra la realidad
con la dulzura del asombro calculado.

ENSEÑAR el control del virtuosismo
en un movimiento improvisado
de espacios alargados
y de suaves imágenes
en el camino de la mística ancestral,
es electrizar la simple capacidad
del delirio
dejándo testimonio de lo impenetrable.

Porque el hechizo del prodigio
permanece en Sidney Bechet
hasta el extremo de la locura.


Espidos: Eva LLoréns

Mª do Carme Kruckemberg

Bodegón

A IMAXE 

Bo Nadal 2005 - 2006



ATENEO FERROLÁN

www.ateneo-ferrolan.org